

INFORME SOBRE O IMPACTO DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN LOUSAME-TIBO SOBRE OS VALORES PATRIMONIAIS NO ÁMBITO XEOGRÁFICO AFECTADO POLO SEU TRAZADO NA PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DE RIBASAR, ROIS (A CORUÑA)



Táboa de contido

1. Introducción

2. Os bens patrimoniais que caracterizan o ámbito xeográfico afectado pola LAT

2.1. O patrimonio arqueolóxico. Castro Lupario

2.2. O patrimonio arquitectónico

2.2.1. A aldea de Angueira de Castro

2.2.2. O pazo de Angueira de Castro

2.2.3. O pazo do Faramello

2.3. Patrimonio industrial. A antiga Real fábrica de papel do Faramello

2.4. O patrimonio etnolóxico de Angueira de Castro como paisaxe cultural

2.4.1. Evolución histórica do poboamento na paisaxe

2.4.2. Diversidade de espazos ecolóxicos: as terras de monte e de labradío

2.4.3. Diversidade de entidades etnográficas materiais e inmateriais

2.4.3.1. Construcións relacionadas coas dependencias domésticas. Os hórreos

2.4.3.2. Construcións relacionadas coas actividades económicas

2.4.3.3. Construcións para o tránsito: os camiños

2.4.3.4. Construcións relacionadas co ámbito da relixiosidade e das crenzas. Os cruceiros

2.4.3.5. O patrimonio inmaterial, a lenda da raíña Lupa e a Pedra Escorredoiro

2.4.4. A participación da veciñanza na identificación e valorización do patrimonio. O valor social do patrimonio

3. O Camiño de Santiago, Camiño Portugués

3.1. O trazado da ruta do Camiño Portugués no ámbito afectado

3.2. O territorio histórico do Camiño Portugués

4. Afección ao patrimonio cultural do proxecto de LAT

4.1. Afección sobre os bens do patrimonio arqueolóxico

4.2. Afección sobre os bens patrimoniais e a súa contorna inmediata

4.3. Afección sobre a paisaxe cultural e o territorio histórico do Camiño Portugués

5. Conclusións

6. Bibliografía

1. Introducción

A Comunidade de Veciños de Angueira de Castro solicitou o 16 de decembro de 2020 o pronunciamento do Consello da Cultura Galega acerca do impacto sobre o patrimonio cultural do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) da liña eléctrica de alta tensión (LAT) Lousame-Tibo que a atravesa. Esta liña forma parte do proxecto das instalacións eléctricas LAT 220 KV de Lousame-Mazaricos, nova subestación a 220 KV de Lousame, LAT 220 KV DC E/S na subestación Lousame da LAT Santiago-Tambre e LAT 220KV de Lousame-Tibo promovido por Red Eléctrica de España. O proxecto foi sometido a Avaliación de Impacto Ambiental e formulouse Declaración favorable de Impacto Ambiental por resolución da Dirección de Calidade Ambiental e Cambio Climático do 22 de febreiro de 2017.

O Consello da Cultura Galega ten entre as súas competencias analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural e elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Na solicitude alégase que a actuación proxectada afecta un conxunto singular e heteroxéneo de elementos culturais dignos de aprecio e conservación, que pode constituír unha paisaxe cultural (territorio histórico) vinculada ao Camiño de Santiago, e considérase que na avaliación de impacto non se atendeu nin ao impacto visual que a LAT vai exercer sobre este contorno, nin aos bens patrimoniais non catalogados que non se protexerían, e conclúe que a implantación definitiva da liña de alta tensión causará un dano irreparable sobre o Patrimonio Cultural afectando considerablemente a paisaxe tradicional.

O 11 de xaneiro de 2021, o Consello da Cultura Galega solicitou información sobre esta actuación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que remitiu o 14 de xaneiro de 2021 copia da resolución do 11/11/2019 pola que se autoriza o Proxecto de execución das LATs 220 KV, LAT Lousame-Mazaricos e LAT E/S na subestación Lousame da LAT Tambre-Santiago. Outubro 2017.

Como metodoloxía de traballo para a elaboración do presente informe procedeuse, en primeiro lugar, á análise de toda a documentación remitida coa solicitude, que comprende: Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña), para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo, elaborado por A CITANIA, Xestión de Patrimonio Cultural (Xurxo Constela Doce, arqueólogo) por encargo do Concello de Rois e copia da Declaración de Impacto Ambiental de febreiro de 2017.

Consultouse, ademais, o planeamento urbanístico dos Concellos de Rois e Brión, o Plan Básico Autonómico, os planos de bases e do acordo das concentracións parcelarias das parroquias de Cruces no concello de Padrón, Ribasar no concello de Rois, Bastavales no concello de Brión e Calo no concello de Teo, as fotografías históricas dispoñibles na Fototeca Dixital do Instituto

Xeográfico Nacional e a bibliografía que se relaciona no último apartado do informe, así como a documentación remitida pola DXPC.

Unha vez revisada a documentación, decidiuse levar a cabo un informe no que poder analizar, por unha banda, os bens patrimoniais que caracterizan o ámbito xeográfico da LAT e, por outra, o Camiño de Santiago coñecido como Camiño Portugués, que discorre por este mesmo espazo, de xeito que puidésemos ter coñecemento dos elementos patrimoniais para así poder valorar as afeccións que trasladaba a veciñanza.

2. Os bens patrimoniais que caracterizan o ámbito xeográfico afectado pola LAT

A liña eléctrica de alta tensión que discorre entre a nova subestación proxectada en Lousame e a existente en Tibo (Caldas de Reis) está incluída no proxecto que comprende a nova subestación, esta liña e as que conectan coa subestación de Mazaricos e coa LAT Tambre-Santiago xa existente. O tendido aéreo proxectado no tramo que se analiza discorre en dirección oeste-leste polo concello de Rois ata o lugar de Angueira de Castro, onde xira en dirección NO-SE entre a aldea e o Castro Lupario e novamente en dirección norte-sur sobre o río Tinto, Camiño Portugués e a estrada N-550.

No espazo que atravesa esta liña identifícase *un lugar que é resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fixo e fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade*, no que se localizan elementos singulares do patrimonio cultural de Galicia de valor arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico que se interrelacionan entre si e co territorio no que se sitúan e que constitúe unha paisaxe cultural pola que discorre a ruta do Camiño de Santiago, Camiño Portugués.

Nos seguintes apartados descríbense os bens do patrimonio cultural de Galicia, maiormente do patrimonio arqueolóxico, do que o Castro Lupario é o elemento máis relevante, e do patrimonio arquitectónico da aldea de Angueira de Castro e do pazo do Faramello, sen esquecer a súa orixe industrial, e analízanse as compoñentes desa paisaxe cultural, tanto os elementos de carácter territorial coma os elementos singulares de valor etnolóxico, materiais e inmateriais.

Ao Camiño Portugués, como ben patrimonial de natureza territorial, territorio histórico, que integra o ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico dedícase o punto 3 do informe.

2.1. O patrimonio arqueolóxico. O Castro Lupario

O Castro Lupario pertence administrativamente aos concellos de Rois e Brión, na provincia da

Coruña. Localízase dentro das parroquias de Bastavales en Brión e Ribasar en Rois. Sitúase a medio camiño entre Padrón e Santiago. Na súa proximidade atópanse as aldeas de Angueira de Castro, O Sixto e O Faramello, do concello de Rois, e Beca, Xinzo e Cabanas (aldea abandonada, actualmente en ruínas), do concello de Brión, así como a aldea de Francos, que pertence ao concello de Teo. Todas estas aldeas se sitúan na parte baixa do monte, onde se localiza o xacemento, polo tanto a moi curta distancia. O castro localízase a 138 m de altura. É coñecido tamén como Castro de Angueira, Castro de Beca, Castro de Francos, Eira dos Mouros, Castro das Cercas e Monte do Castro.

O río Tinto atravesa o lugar de Angueira fortemente encaixado sobre a súa canle, con fortes caídas e desniveis considerables; nestes resaltes é onde se localiza o Castro Lupario, principal elemento cultural da zona, cun forte dominio visual da contorna, o que representa unha das principais motivacións para o asentamento na Idade do Ferro: o control das rutas de tránsito cara ao norte.

A estrutura fortificada está formada por unha croa de forma oval duns 150 m no eixe norte-sur e uns 100 m no leste-oeste. Bordeando a croa consérvase unha muralla duns 2 m de alto e máis de 1 m de ancho que a delimita en todo o seu perímetro. No interior da croa obsérvanse restos de estruturas pétreas. Na aba ao sur do recinto principal obsérvanse dous aterraxamentos sostidos por muros de cachotaría.

É de destacar o seu forte dominio visual sobre a paisaxe, fundamentalmente sobre o val do Sar, cunhas dimensións considerables de 14.676 m² de superficie e unha muralla principal de 452 m de longo e 2 m de ancho, conservando nalgúns tramos unha altura de ata 4 m. Aínda na actualidade demostra esa gran dimensión que en tempos pretéritos puido posuír. A muralla presenta numerosas derrubas das súas estruturas e a contorna manifesta evidencias de extracción de cantaría tradicional, realizada ata hai relativamente pouco tempo.

En xeral atópase bastante ben conservado. Porén, o camiño de acceso á croa cortou a muralla defensiva na parte norte. Tamén son de destacar as destrucións realizadas por escavacións furtivas na parte leste da muralla que delimitaba a croa.

Outras investigacións (Constela 2020: 20) apuntan a que o castro posiblemente tivese o carácter de *oppida* e fose a capital dos *Amaeos*; mesmo se apunta que poida que estivese aloxado nel un destacamento de lexións romanas. O material arqueolóxico que se observou sobre a superficie do castro e o paso da **vía romana XIX “per loca marítima”, que unía as capitais conventuais *Bracara Augusta* e *Lucus Augusti***, pola vertente oriental do mesmo, atravesando o río Tinto pola Ponte dos Mouros ou Ponte Paradela, son factores que levan a formular esta hipótese. Polo tanto, o Castro Lupario controlaría visualmente o paso desta importante vía romana.

O monte no que se localiza o castro sitúase na zona de confluencia entre a bisbarra da Amaía e a veiga de Iria Flavia. Este territorio é unha antiga demarcación territorial citada xa no século VI como parte do bispado de Iria (*Amaeam*). No século X dividíase en dúas bandas: a Amaía Alta ou de Cima e a Amaía Baixa, pertencentes aos condes Lucido Vimaranz e Nuno Goterres.

Por outro lado, as evidencias arqueolóxicas e documentais apuntan a hipótese de que neste castro fora erixida unha fortaleza nos séculos X-XI para defender o territorio da invasión normanda que desde a ría de Padrón podería penetrar ata terras de Compostela e, por tanto, á propia tumba do Apóstolo.

En 1898, Antonio López Ferreiro proporciona imaxes sobre o estado da muralla e achega unha interesante descrición resultado da inspección *in situ*:

... la planta de esta antiquísima fortaleza es de forma de herradura. Además de la plaza de que habla Castellá, tenía otro recinto exterior que la circunda en todo su contorno, y estaba cerrado por otra muralla más baja. Las murallas que el castro circundan están formadas por sillares irregulares de medio tamaño y asentados en seco. Tanto por dentro como por fuera tienen escarpa y en algunos puntos aún alcanzan la altura de cerca de cuatro metros por más de dos de ancho. La vertiente occidental cortada casi perpendicularmente —dice— sobre un riachuelo y está erizada de peñascos de forma que pudiesen servir de altares naturales. La torre de que aquí habla el P. Azcona era un edificio de planta rectangular (el castillo que dice Castellá Ferrer) que se eleva casi en el centro de el Castro y del cual no quedan hoy más que escombros. Cuando lo vimos por primera vez aún pudimos medirlo y contaba con 69 pies en largo y 39 de ancho. Entonces notamos también una especie de torreón que defendía la entrada abierta hacia el N en el muro exterior. El perímetro del Castro, medido por el muro interior es de unos 600 metros...

Por outra banda, o Castro Lupario, na súa vertente de fortificación medieval, controlaría directamente o paso dos camiños medievais que discorren por este val, como o Camiño Real ou Camiño Portugués de Peregrinación, e mesmo a ruta fluvial navegable do Ulla e o Sar. Ferreira Priegue sitúa varios camiños medievais relacionados con Padrón e marca claramente dous camiños que partirían de Padrón cara ao Lupario, un a cada lado do río Sar, de xeito que un discorrería polo actual concello de Padrón e outro polo de Rois.

Na contorna do Castro Lupario, e mesmo dentro das murallas, foron localizados importantes achados:

- Gravados prehistóricos (petróglicos) achegados ao castro, como un gravado exento atopado nun muro do castro, composto por círculos concéntricos con coviña central con apéndice. As alteracións das canteiras puideron dar lugar á desaparición fortuíta doutros gravados ao longo da contorna do xacemento, feito amosado pola aparición de pequenas mostras repartidas pola aba sur, como son os recentemente descubertos pola veciñanza na Pedra Escorredoiro, na Fonte do Ouro e na mesma aldea de Angueira, reutilizados sobre un camiño e na parede dunha casa.
- Unha “cabeza cortada” de pedra de vulto redondo, localizada dentro do castro, con adscrición da Idade do Ferro. Acuña Castroviejo e Cavada Nieto mencionan varias hipóteses para esta cabeza, unha relacionada coa súa interpretación como trofeo e outra formulada por Cuevillas, que a enmarcaría dentro do mundo funerario. Investigacións máis recentes apuntan a que este tipo de cabezas pétreas poden estar relacionadas coa protección simbólica das entradas de acceso aos castros.

- Un tesouriño de moedas romanas aparecidas dentro dunha vasilla de barro dentro do castro, cunha datación que se move nun abano que vai dos séculos II ao IV, agás unha moeda de Tyche, da Ceca de Antioquía, do ano 312 a.C., que destaca pola súa rareza neste contexto.

Polo tanto, a adscrición crono-cultural do castro e a súa contorna pódese relacionar coa Idade do Bronce, Idade do Ferro, época romana e época altomedieval.

No Castro Lupario, ademais de ser un referente territorial e simbólico, conflúen referencias míticas. A súa presenza e relevancia noméanse en diversos escritos que repararon nel por diversos motivos. Un deles é a referencia como fortaleza ou torre medieval, situada dentro da croa do castro, citada polo frade Juan de Azcona no 1532 (Constela 2020: 18).

Este autor sitúa no castro a morada da raíña Lupa, directamente relacionada coa lenda do sepulcro do Apóstolo: a tradición oral di que era a morada da lendaria raíña Lupa, en principio pagá, que se ve abraiada polos milagres efectuados polo santo nos diferentes retos con que desafiaba aos seus discípulos para impedir a chegada ata Compostela. Unha vez superadas estas probas imposibles a que os somete, a raíña queda convencida do seu poder e acepta a relixión cristiá, polo que pasa logo a axudar na *translatio do santo ao “campus stellae”*. Esta referencia é a que lle outorgou ao lugar a “maxia” e a relevancia histórica que acadou ata hoxe pola relación co culto xacobeo, polo que se lle asignou o nome de Castro Lupario.

Segundo parece, no ano 1005 Amoín, monxe do mosteiro de Fleury (diocese de Orleáns, preto da cidade de Tours), compuxo unha lenda baseada na *translatio* do corpo do apóstolo Santiago a Galicia. Nun dos capítulos do relato faise referencia a un lugar que, segundo a hipótese de Fidel Fita (historiador e investigador do tema) de 1880, identifica como “morada o castillo de Luparia, situado a mano izquierda del camino de Iria a Compostela y en la corona de un alto cerro dos leguas equidistante de ambas ciudades” (tomado de Constela 2020: 19).

En 1885 J. M. Fernández Sánchez e F. Freire Barreiro, na súa guía de Santiago, volven situar nel a morada da raíña Lupa baseándose na historia do apóstolo Santiago escrita en 1610 por Mauro Castellá Ferrer, autor que visita o lugar e o describe como segue:

Residía Lupa en un castillo y fortaleza suya rodeado de gruesa muralla, que aún tiene doce pies de ancho en algunas partes dentro de la cual hay tanta capacidad que cabe un escuadrón de cuatro mil hombres y más... Tenía el castillo en medio de esta plaza, cuyos cimientos se ven ahora, y desde la entrada de la primera muralla se iba a él por una calle estrecha de ocho pies de ancho, hecha de uno y otro lado con gruesa muralla. Estaba esta fuera y están estos vestigios en un sitio fuerte que ocupa la corona de un alto cerro, a dos léguas de Iria, junto a Francos, a mano izquierda del camino que viene de Compostela, de la cual dista otras dos... (tomado de Constela 2020: 19-20).

2.2. O patrimonio arquitectónico

A parroquia de Santa María de Ribasar conta cun relevante patrimonio arquitectónico que comprende o conxunto histórico da aldea de Angueira de Castro e o pazo do Faramello. Dese conxunto de edificacións da aldea unicamente conta con protección o pazo de Angueira de Castro, que está catalogado no planeamento municipal de Rois xunto co do Faramello.

2.2.1. A aldea de Angueira de Castro

Debémolle ao arquitecto Pedro de Llano Cabado un completo catálogo das edificacións que integran o conxunto da aldea de Angueira de Castro, precedido dun axeitado estudo introdutorio histórico-construtivo¹. Será esta óptima fonte a que empregaremos para este apartado e tamén para o seguinte (relativo ao pazo de Angueira de Castro), de xeito que boa parte dos datos aquí constatados proceden do devandito estudo.

Sinala De Llano que sería coa introdución e xeneralización dos cultivos da pataca e o millo, xa no século XVIII, cando se puideron constatar melloras na condición de vida da poboación rural destas contornas e, polo tanto, cando se puideron acometer melloras significativas na tipoloxía das vivendas. Así, só a partir dese momento puideron xeneralizarse as construcións de dúas plantas, fronte ao tipo maioritario anterior de casas terreas rectangulares con ou sen sobrado, feitas en cachotaría. Así, ben avanzado o século XVIII, as casas-vivenda puideron dispor de maior espazo e, aínda que a cachotaría seguiu a ser maioritaria (mais ben concertada), tamén aparecen reforzos de cantaría (esquinas, xambas e linteis) e mesmo algunhas vivendas poderán co tempo ser realizadas completamente en cantaría máis ou menos regular. Pero como viña sendo tradicional, as portas e fiestras tenden a abrirse sobre todo cara ao sur, para aproveitar a insolación, mentres que os ocos cara ao norte serán mínimos e moi reducidos sempre.

As dúas plantas que se xeneralizan terán sempre o mesmo perímetro, e son construídas ou reedificadas durante os séculos XVIII e XIX tendo como referencia ineludible o camiño cara ao que se dispoñen para facilitar o acceso desde el. Coa particularidade de que todo ese camiño-rúa que articulou a aldea estivo na súa totalidade emparrado (mantense aínda nalgúns sectores da aldea este emparrado tan característico e que tanta personalidade lle outorga ao conxunto), servindo tanto de cuberta protectora coma dunha sorte de unión maior das vivendas entre si, como reafirmación da colectividade e coidado e atención cara aos espazos comúns (de tránsito, conversa, xogos, celebracións...).

Estas vivendas adoitan estar configuradas por un bloque construtivo principal, de planta rectangular, de piso baixo e andar superior, rematado por un tellado a dúas augas. Acostuman dispor tamén dun pequeno patio fronteiro que lles permite gardar un pouco máis a privacidade ao separar a propia casa do camiño e que, en ocasións, pode aparecer parcialmente cuberto cun pendello. Este patio, ao tempo que dá acceso ao andar superior a través de escaleiras exteriores, tamén permite a entrada nas dependencias inferiores (a cociña cunha boa cheminea ou lareira, bodegas, cortes, almacéns) e mesmo noutras dependencias complementarias que se poden dispor arredor del pero xa fóra do propio bloque de vivenda (galiñeiros, cortes) e que adoitan delatar a súa condición secundaria mediante unha construción que emprega a cachotaría sen concertar e mesmo con partes de madeira. Na parte posterior das vivendas aparece xa a horta,

¹ Llano Cabado, Pedro de: “Anexo V. Fichas de arquitectura de Angueira de Castro”, en *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo* (coord. X. Constela Doce), Concello de Rois, 2020, s/p do anexo.

dedicada a cultivos hortícolas, froiteiras e mesmo viñado.

Xa no andar, ao que se ascende por tramos de escaleiras exteriores (habitualmente de tramo único; ou ben de dous tramos en ángulo recto, dos que o máis baixo é máis reducido no número de pasos), é frecuente a aparición dun corredor que se asoma ao patio e, por tanto, mira cara á rúa. Tamén poden aparecer balcóns sobre canzorros ou voando directamente desde o muro, sempre realizados en boa cantaría. Tanto os balcóns coma o propio corredor acostuma dispor de varandas de ferro, aínda que en orixe posiblemente contasen moitos deles con proteccións de madeira. Este andar adoitaba dispor dunha sala maior destinada tamén a comedor e mesmo a dormitorio maior, ao cal se abrían un número variable de alcobas.

Finalmente, ou ben dentro do patio ou habitualmente na contorna del, sitúase o hórreo, que debe contar cunha axeitada ventilación e que constitúe unha das edificacións complementarias fundamentais durante os séculos XVIII e XIX, mesmo tamén no XX, en Galicia de cara a asegurar a conservación das colleitas de millo e, polo tanto, a propia subsistencia das familias. O tamaño do hórreo podía moitas veces delatar a capacidade económica da familia.

Como achegamento específico a algunhas das máis senlleiras vivendas e outras construcións que conforman o conxunto patrimonial de Angueira de Castro, cabe transcribir o parágrafo que o propio Pedro de Llano intitulou como “Resumindo a historia dunha arquitectura”:

No seu conxunto, todas elas, a torre –logo convertida en residencia– de (1717), a casa vella (1798), a casa de Aldrey (XVIII), as casas do cruceiro (XVIII/XIX), a casa de Castaño (XVIII), a casa de Sanmartín (XVIII), a casa de Benita, a casa da canle, a casa de Caneda, a casa da Pavis, a casa de Redolfo, a casa de López, a da señora Concepción, a da Ruela ou a de Rosalía do Ansó... constitúen un magnífico compendio da historia da nosa arquitectura rural xunto a elementos illados como un cruceiro de fuste cadrado coas arestas rebaixadas situado sobre un muro (o seu capitel moldurado dá paso a unha cruz de sección cilíndrica na que aparecen as imaxes de Cristo e a Virxe), o empedrado camiño que serve como eixo á aldea, ou un elemento fundamental na arquitectura vernácula galega como é o seu citado hórreo (en Constela 2020: 340).

2.2.2. O pazo de Angueira de Castro

Considérase que este pazo nace a partir dunha torre baixomedieval que tería constituído o núcleo orixinario de Angueira de Castro (ca. séculos XIV-XV) e cuxos restos parecen ser visibles no entronque de perpiaños coa construción posterior propiamente pacega (século XVIII, contra 1717) no tocante ao ámbito da súa torre actual². Polo tanto, atopámonos ante unha típica conformación construtiva dun pazo tomando como base os restos dunha torre medieval e reproducindo o elemento torreado na edificación tardobarroca por motivos de reafirmación simbólica do poder e xurisdición señorial, e non tanto por motivacións defensivas reais.

Así mesmo, sinala o arquitecto Pedro de Llano Cabado que:

² *Idem.*

esta torre rectangular conta cunhas dimensións considerables en planta, máis un engadido no que se localiza a cociña e unhas alturas de planta alleas ás habitualmente utilizadas nos pazos, de arredor de catro metros, e fiestras, situadas nas caras exteriores dos muros que dan ao val – ampliadas cando a súa reforma, como ben podemos observar nas súas fachadas– sobremontadas por un mainel e protexidas da auga por un tornachuvias consistente nun alongado e estreito saínte de pedra que nos permite percibir como esa ampliación chega aos vinte centímetros cortando as pedras dos linteis³.

Neste pazo, na nosa opinión, o máis salientable é a devandita torre do século XVIII que incluíría os restos da medieval e que constitúe o punto de atención clave e o elemento referencial visual por excelencia do conxunto construtivo. E, así mesmo, na propia torre deben ser ponderadas as voadas gárgolas molduradas que permiten expulsar as augas pluviais a boa distancia dos propios muros, ao tempo que lembran conscientemente os canóns defensivos metálicos, incidindo de novo no concepto de fortaleza e defensa do edificio cara aos habitantes do contorno, seguramente a maioría deles foreiros do señor do pazo. Tamén son bastante voadas e delicadamente molduradas as cornixas que serven de enlace entre as fachadas e os tellados, tanto da mesma torre coma das demais ás do inmovible nobre, e que para gardar a unidade de conxunto mesmo se transforman en imposta que percorre as fachadas da torre para remarcar a separación entre o primeiro e o segundo piso e, así, gardar a relación coas cornixas de remate destes bloques construtivos laterais.

Outros elementos que destacar son a boa cheminea que delata unha notable lareira na súa cociña, realidade habitual no mundo pacego; e o portal de entrada ao patio frontal de recepción e distribución ao aire libre, sobre cuxa lumieira figura unha coidada cruz de pedra coa que manter bendita a casa, flanqueada por un par de pináculos de factura sinxela.

Finalmente, é preciso incidir na boa cantaría de perpiaños coa que están construídos os bloques nobres deste pazo, perfectamente escuadrados e moi ben rematados, de boas dimensións. Contrastan así coa cantaría con que están edificadas as dependencias secundarias de produción e almacenaxe de produtos agropecuarios deste conxunto pacego, remarcando deste xeito a diferenza entre o espazo habitacional nobre e os edificios secundarios como almacéns, cortes etc.

2.2.3. O pazo do Faramello⁴

A excepcionalidade deste pazo radica xa na súa propia orixe: fronte á tradicional raíz medieval da maioría dos pazos de Galicia, vinculados a restos de antigas fortalezas, torres ou casas fortes, ou ben a un pasado máis ou menos inmediato –medieval ou xa de época moderna– de dedicacións agropecuarias intensivas (a modo de granxa), no caso do Faramello a súa orixe está directamente relacionada cunha actividade industrial, en concreto a fabricación de papel. Só

³ *Idem.*

⁴ Para todo o que ten que ver con este pazo na súa dimensión histórica e histórico-artística téñase en conta o documentado traballo de Erundina Alvela Figueira: “Anexo II. O Pazo do Faramello”, en *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Anqueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo* (coord. X. Constela Doce), Concello de Rois, 2020.

anos despois, un caso coma o de Sargadelos en Cervo, co desaparecido pazo de D. Raimundo Ibáñez, pode asimilarse en boa medida; pero precisamente no caso do Faramello o pazo si se conservou e chegou ata os nosos días nunhas moi boas condicións de conservación.

En todo caso, a bibliografía histórica sinala a preexistencia dun casal antigo antes da fundación da fábrica de papel e pazo do Faramello, casal que se remontaría aos séculos XV e XVI, sito nunha propiedade máis ampla que terminou pertencendo a Francisco Antonio de Millara Montenegro, veciño de Santiago, que foi quen finalmente lla vendeu a Piombino e Gambino.

Aínda que a materialización do Faramello arrinca en 1714, cando despois de catro anos de xestións os xenoveses Bartolomé Piombino e Jacobo Gambino por fin obtiveron por Real Cédula de Filipe V o desexado permiso e licenza para poder constituír e edificar no lugar unha fábrica de papel, o certo é que só sería despois duns anos de funcionamento cando as orixes ilustres de nobreza de Bartolomé Piombino e Farcinetti en Italia (cabaleiro de Cristo e, segundo parece, fillo dos duques de Nocette) e da súa dona Feliciano María de Barbosa de Araújo e Faría en Portugal (dama de Viana do Castelo) os levarían a fundar o propio pazo do Faramello en 1727⁵, en calquera caso vinculado coa mesma fábrica. Na parte alta dun dos muros laterais da casa loce precisamente o escudo coas armas de Piombino: unha letra P coroada, e debaixo un sol radiante e unha media lúa; a súa presenza permite polo tanto ratificar a datación destas estruturas arquitectónicas pancegas na primeira metade do século XVIII.

Polo tanto, ademais do complexo industrial cos seus edificios, dependencias e servizos, o Faramello tamén incluíu a casa grande/pazo de residencia e seguramente xa daquela se edificaría o pombal que aínda se conserva nas inmediacións (no ángulo NE da casa), ao tempo que a capela, que se dispón na parte sur, a carón do aceso principal (e data en 1774), con seguridade sería configurada para atender as necesidades devocionais e espirituais tanto dos membros do pazo coma dos propios empregados do conxunto fabril. Con respecto a esta capela, afirmase que foi reedificada neste lugar para substituír a antiga derrubada e dedicada á Nosa Señora das Neves; esta sería a dedicada a Xesús, María e Xosé, conforme figura na súa inscrición (CASA DE ORACION DE JHS M I JOSE AÑO DE 1774), e procedería do veciño lugar de Angueira, onde a mandara edificar D. Fernando Cortés⁶; descoñecemos o momento do traslado e reedificación.

En 1730 a filla de Bartolomé Piombino dona Mariana Clara de Piombino y Barbosa de Araújo casa co portugués Manuel Ribeiro de Aguilar e Suárez, orixinario de Viana do Castelo, onde seica fora rexedor. O fillo deste matrimonio, D. Cristóbal Rivero de Aguilar y Piombino, será quen na segunda metade do século XVIII continúe co proxecto fabril do Faramello, polo que entón é cando se considera o punto de partida da familia Rivero de Aguilar como dona do pazo do Faramello. Mesmo D. Cristóbal obtivo executoria de fidalguía na Real Chancelaría de

⁵ Marqués de Quintanar; Ozores, X.; Cao, J.: *Los Pazos Gallegos. Apuntes gráficos y notas históricas de las Casas Señoriales de Galicia*, vol. nº 7 de *Cuadernos*, Vigo, Ed. P.P.K.O., 1928-1933.

⁶ Alvela Figueira, E.: “Anexo II. O Pazo do Faramello”, en *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo* (coord. X. Constela Doce), Concello de Rois, 2020, p. 23 do anexo.

Valladolid en 1795, confirmada o 20 de xullo de 1798 por Carlos IV⁷. Mantense a liñaxe Rivero de Aguilar ata a actualidade como a propietaria do pazo.

A fábrica de papel estivo en funcionamento ata finais do século XIX. Porén, non sería ata comezos do século XX cando o seu propietario daquela, José Rivero de Aguilar y Gutiérrez de la Peña⁸, decidiu derrubar boa parte das vellas estruturas fabrís. Subsistiu un secadoiro, que pola súa vez foi derrubado xa a finais da década dos anos 30 do século XX por mandato do coronel de enxeñeiros D. José María Rivero de Aguilar y Otero, quen aproveitou parte deses materiais para ampliar a vivenda pacega en 1941⁹. En concreto, trataríase da construción da ala sur do conxunto, de cachotaría, aínda que habería máis ben que falar dunha reconstrución ou reedificación a partir de antigas dependencias anexas de servizo (forno, adega e caseta) que xa existían neste espazo¹⁰ e que en 1941 serían transformadas. Tamén daquela se aproveitarían os materiais de derruba para reformar arquitectonicamente outras partes do inmovible, nos seus ámbitos exteriores: a instalación dos pisos empedrados, rotondas, mesas e bancos na terraza-miradoiro do pazo (as pedras das mesas proceden das antigas moas dos muíños)¹¹.

Ademais do pombal anteriormente mencionado, na actualidade o pazo conta así mesmo no seu recinto con dous cruceiros e dous hórreos que procederían doutro lugar¹², así como algunhas fontes, entre elas a que se sitúa no socalco axardinado que discorre en paralelo á fachada principal, nun nivel máis baixo, e que foi datada no século XVIII coas súas dúas cuncas superpostas. No caso concreto dos cruceiros, o que actualmente se dispón no xardín xeométrico procedería da praciña situada diante da capela; e o que actualmente está nesta praciña sería traído pola súa vez desde “unha encrucillada de camiños do predio”¹³. Os dous hórreos, “de condición centenaria, foron instalados recentemente no pazo”¹⁴. Finalmente, no socalco do fondo, xa inmediato ao río, está a casa destinada aos caseiros e un muíño sen uso¹⁵, que parecen ser os restos máis destacados do destruído recinto fabril.

Con relación ao espazo circundante, sinalan C. Rodríguez Dacal e Jesús Izco que o propio Castro Lupario pertenceu ao pazo do Faramello en tempos anteriores¹⁶. Os seus xardíns ornamentais máis antigos, situados na parte alta do predio, foron trazados na segunda metade do século XIX, cando eran donos da casa Nicolás Rivero de Aguilar y Rodríguez e María de la Esclavitud Gutiérrez de la Peña y Quiroga¹⁷. Sería daquela cando se lles conferiría ese deseño xeométrico de gusto francés que aínda conservan na actualidade. Durante os anos e décadas seguintes,

⁷ *Ibidem*, p. 15 do anexo.

⁸ García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega*, Barcelona, Telefónica / Lunwerg Editores, 1999, pp. 118-121 (para texto p. 120).

⁹ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas*, Pontevedra, Xunta de Galicia, 1994, pp. 198-219 (para nota p. 204); García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega..., op. cit.*, p. 120.

¹⁰ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas..., op. cit.*, p. 204.

¹¹ *Idem*.

¹² García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega..., op. cit.*, p. 118.

¹³ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas..., op. cit.*, p. 205.

¹⁴ *Ibidem*, p. 205.

¹⁵ *Ibidem*, p. 214.

¹⁶ *Ibidem*, pp. 198-219.

¹⁷ *Ibidem*, pp. 198-219 (para nota p. 208); García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega..., op. cit.*, pp. 118 e 120.

estes xardíns foron enriquecidos, así como os espazos de cultivo e hortas, mediante a plantación de viñedos e de árbores froiteiras dispersas, con máis de 50 especies constatadas na actualidade¹⁸. Así, a comezos do século XX, José Rivero de Aguilar y Gutiérrez de la Peña mandaría construír o xardín xeométrico que se estende ante a fachada principal da casa¹⁹, en certo modo imitando as maneiras do anteriormente mencionado que se atopa na parte alta do predio. E xa na década dos anos 40 do século XX, en correspondencia coa adecuación da terraza-miradoiro do pazo cos materiais de derruba procedentes da antiga fábrica, tamén se levaría entón a cabo a plantación das famosas ciroleiras xaponesas (ameixeiras de Pissard, flanqueadas por pradairos negundos²⁰), que lle dan o carácter a este espazo e, sobre todo, o magnífico colorido cando florecen as árbores; de feito, a súa imaxe acabou por individualizar en boa medida o pazo do Faramello entre o conxunto da arquitectura pancega galega, outorgándolle fama e recoñecemento por tal singularidade.

Xunto cos coidados e arranxos puntuais desde finais do século XX, a intervención máis destacada nos terreos inmediatos ao pazo, tamén cun sentido paisaxista pero de intencionalidade conceptual memorial, foi a cesión dun terreo na parte sur-leste do predio para a creación do chamado *Xardín do Recordo*²¹, iniciativa impulsada así mesmo pola familia Rivero de Aguilar. O motivo foi a materialización dun espazo para honrar e lembrar as vítimas do accidente ferroviario de Angrois (24/07/2013) mediante a plantación de 81 simbólicos *Cercis* (árbores do amor), consonte o deseño paisaxístico que de xeito altruísta asumiu a Fundación Juana de Vega; este xardín memorial converteuse así nun parque público de libre acceso, coa particularidade de que está situado na beira do propio Camiño de Santiago e, polo tanto, constitúe un espazo de lembranza e ao tempo lecer para os camiñantes, cun sentido conceptual que lle outorga un valor engadido a este ámbito xeográfico. En todo caso, a xestión deste Xardín do Recordo segue vinculada co propio pazo do Faramello e os seus propietarios.

Finalmente, é preciso aludir así mesmo ao bosque que rodea parte da propiedade, sobre todo cara ao sur (na zona de acceso desde a estrada nacional). Obsérvase unha abundancia de carballos e castiñeiros; tamén buxos xa no contorno dos accesos ao predio. E diversas árbores ornamentais e tamén foráneas en xeral. Todo isto converte ao Faramello nun referente destacado do patrimonio arbóreo galego en relación cos seus xardíns e bosques.

Entre os elementos arquitectónicos e estruturais máis sobranceiros do pazo do Faramello deben ser mencionados os balcóns e solainas sobre grandes canzorros, cunha mención especial ao que voa ante a ala que se adianta cara ao poñente na súa fachada principal. E tamén as terrazas-miradoiros, de maneira especial a situada no ángulo noroeste, pero tamén a disposta na parte suroeste. Estas terrazas, xunto cos propios socalcos que organizan o terreo de xeito axardinado en descenso ata o propio río Tinto, converten o Faramello nun pazo claramente

¹⁸ Vid. páxina web *O Pazo do Faramello*. Enlace: <https://www.pazofaramello.com/o-xardin-do-recordo> (última visualización: 13/01/2021).

¹⁹ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas...*, op. cit., p. 208.

²⁰ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas...*, op. cit., p. 216.

²¹ Vid. “O Xardín do Recordo”, na páxina web *O Pazo do Faramello*. Enlace: <https://www.pazofaramello.com/o-xardin-do-recordo> (última visualización: 13/01/2021).

inferido pola contorna. Mesmo este tipo de aterraxamentos ante a fachada principal podería chegar a poñerse en relación con solucións semellantes no mundo itálico. Estas terrazas, solainas e balcóns orientadas cara ao poñente non só estarían concibidas para recibir a desexada insolación senón que, pola súa vez, constitúen miradoiros cara á vertente descendente do terreo en socalcos, cara ao propio río Tinto, que, coas súas pequenas fervenzas, achega o relaxante son das súas augas; e, finalmente, xa ao outro lado do río e como imaxe de fondo, o lendario Castro Lupario co que tanto se identifica o Faramello.

Na memoria vinculada co pazo, como patrimonio inmaterial, atopamos feitos e relacións de distintas dimensións que lle suman valor cultural.

- *Dimensión artística:* Destaca o nacemento neste lugar do grande escultor do último barroco galego Xosé Gambino, fillo de Jacobo Gambino. Consérvase a súa partida de nacemento, na que se especifica que foi no Faramello en 1719 e que foi apadriñado por Bartolomé Piombino e Beatriz Mariño. Por tal motivo, sempre se quixo ver a súa pegada no deseño da capela do pazo e, sobre todo, no retablo desta coas súas imaxes.
- *Dimensión histórico-bélica:* As referencias da casa sinalan que na antiga corte do pazo e fábrica tivo cabida o arsenal contra as tropas francesas napoleónicas durante a Guerra da Independencia²².
- *Dimensión literaria:* Foi referencia literaria para ilustres escritores como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Camilo José Cela... **E, sobre todo, debe ser mencionada a famosa novela de Alejandro Pérez Lugín *La casa de la Troya* (1915), pois o Faramello serviulle de fonte directa de inspiración: Carmiña Castro Retén é obrigada a retirarse a este pazo para evitar a continuidade dos seus amoríos con Gerardo.**
- *Dimensión histórico-política:* O pazo do Faramello serviu de residencia temporal do rei Afonso XIII nas súas estadias en Galicia. E tamén do infante D. Luís de Baviera y Borbón.

2.3. Patrimonio industrial. A antiga Real fábrica de papel do Faramello

Neste apartado é preciso retomar os aspectos vinculados coas orixes do recinto paxego do Faramello, isto é, a fundación da primeira fábrica de papel de Galicia, xa avanzadas no punto 2.2.3 ao tratar o Faramello desde o punto de vista arquitectónico no que atinxe ao conxunto paxego especificamente. Polo tanto, a continuación abundarase na súa historia fabril e sobre todo no interese patrimonial industrial dos seus restos.

Como xa se indicou no mencionado punto anterior, a concreción do Faramello arrinca en 1710 coas xestións iniciadas polos xenoveses Bartolomé Piombino e Farcinetti e Jacobo Gambino para poder constituír e edificar no lugar unha fábrica de papel, tendo en conta os longos coñecementos e tradición dos italianos na industria papeleira e, neste caso concreto, destes dous xenoveses, cunha ampla experiencia nas factorías de papel da súa cidade natal²³. Ben é

²² Páxina web *O Pazo do Faramello*. Enlace: <https://www.pazofaramello.com/o-xardin-do-recordo> (última visualización: 13/01/2021).

²³ Nogueira, Víctor: *Pazos de Galicia*, Vigo, Nigratrea, 2008 (2ª ed.), p. 39.

certo que antes o tentaran en Portugal, mais parece que sen éxito. Foi xa o 6 de outubro 1714 cando por fin obtiveron o desexado permiso e licenza a partir dunha Real Cédula expedida polo rei Filipe V, ao ser a fabricación de papel unha actividade suxeita a supervisión e control directo da Coroa. En todo caso, a fábrica xurdiría en certa maneira como resposta á decisión da Coroa de prohibir a tradicional exportación de farrapos de liño que en Galicia se producían en abundancia para ser transformados en papel en Italia, buscando deste xeito unha potenciación da propia industria papeleira en terras hispanas. Parece ser que Bartolomé Piombino e Farcinetti e Jacobo Gambino foran comerciantes dedicados á exportación de farrapos de liño entre Galicia e Xénova, polo que, ante a nova medida rexia adoptada en España, se verían obrigados a mudar os seus negocios de exportación para fundar directamente unha fábrica de papel.

Se ben a industria comezou xa a funcionar pronto, foi algúns anos máis tarde (1727) cando Bartolomé Piombino e Farcinetti e a súa dona, Feliciano María de Barbosa de Araúxo e Faría, fundaron o propio pazo do Faramello²⁴ vinculado á fábrica de papel, o que viría a ratificar a boa marcha e a plena consolidación da industria. Piombino e Gambino montaron polo tanto no Faramello a que debe ser recoñecida como primeira industria galega na especialidade papeleira²⁵.

Á parte da casa pacega cos seus anexos, o complexo industrial propiamente dito parece que chegou a estar conformado por dez edificios: o edificio da fábrica, dúas casas auxiliares cunha fonte, catro casas para outros tantos empregados, dúas construcións dedicadas a almacéns e unha capela²⁶. Cabe, neste caso, facerse eco da descrición que no ano 1969 foi publicada en Madrid na revista *CHAN, La Revista de los Gallegos* no seu número II (I quincena de agosto), nun artigo titulado “**La Industriosa Galicia de Antaño: Real Fábrica de Papel del Faramello**” e que recollemos a través do libro de C. Rodríguez Dacal e J. Izco:

A súa fábrica estaba emprazada na ribeira esquerda do regato Tinto ou Angueira, na angostura que forman o monte Areal e o Castro Lupario (...). Compúñase dun longo edificio no que se fabricaba e secaba o papel, situado na beira do río, dúas casas auxiliares ao lado con elementos auxiliares, e a súa fronte, con outras catro casas para vivenda de catro oficiais da fábrica; dous edificios máis para almacén de papel e de madeira e outros efectos para uso e reparación do establecemento fabril, e, finalmente, unha casa boa co seu corredor, na que vivía Piombino. En total, dez edificios, fabricados con gran arte e firmeza. A eles hai que engadir unha fermosa ermida dedicada a Nosa Señora das Neves.

Tamén se indica que a fábrica *contaba con cinco rodas hidráulicas que daban movemento aos 63 mazos que en 21 pías maceraban o trapo e convertíanlo en pasta –tres mazos por pía–, que abastecía as dúas tinas nas que se elaboraba folla de papel, sendo a produción anual de 5.000 resmas.*

²⁴ Marqués de Quintanar; Ozores, X.; Cao, J.: *Los Pazos Gallegos. Apuntes gráficos y notas históricas de las Casas Señoriales de Galicia*, vol. nº 7 de *Cuadernos*, Vigo, Ed. P.P.K.O., 1928-1933.

²⁵ Vid. Nogueira, Víctor: *Pazos de Galicia...*, *op. cit.*, p. 39.

²⁶ García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega...*, *op. cit.*, p. 118.

Resulta neste caso moi clarificador o debuxo coa vista do conxunto fabril anteriormente descrito, que foi incluído como imaxe da empresa no propio papel de envoltura das resmas no século XIX: desde unha posición que parece corresponderse co outro lado do río Tinto, na aba oeste-suroeste do monte do Castro Lupario, son ben visibles as edificacións que compuñan a fábrica de papel, así como a propia residencia pancega no medio co seu pombal detrás. Todo isto demostra, polo tanto, a envergadura que chegou a adquirir o conxunto fabril papeleiro do Faramello, do que sobreviven algúns dos edificios, estruturas e útiles ata a actualidade en mellor ou peor estado, se ben a ruína dos elementos que compoñían a fábrica é a tónica xeral.

A fábrica de papel estivo en funcionamento ata finais do século XIX e foi xa desmantelada a comezos do XX polo seu entón propietario, José Rivero de Aguilar y Gutiérrez de la Peña, catedrático de Dereito da Universidade de Santiago²⁷, que da pé ao derrubamento de varias das edificacións fabrís. Entre o pouco que subsiste estivo un secadoiro, que foi finalmente derrubado tamén a finais da década dos anos 30 do século XX por mandato de José María Rivero de Aguilar y Otero, coronel do corpo de enxeñeiros, aproveitando parte daqueles materiais para ampliar a vivenda pancega en 1941²⁸.

No socalco inferior do predio que se dispón en paralelo ao río Tinto consérvase na actualidade a casa para o caseiro e un muíño sen uso²⁹, que parecen corresponderse con restos construtivos do antigo recinto da fábrica de papel, posiblemente os derradeiros vestixios visibles desta.

Finalmente, é preciso sinalar o interese que os actuais propietarios da familia Rivero de Aguilar amosan no tocante a poder desenvolver un proceso de consolidación e mesmo rehabilitación dos restos fabrís que aínda permanecen, para asegurar deste xeito a súa conservación. Así mesmo, desde estas liñas non podemos deixar de contemplar as amplas posibilidades que poderían derivar do desenvolvemento de campañas de arqueoloxía industrial neste conxunto, así como a posterior aplicación de procedementos de conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor deste mesmo patrimonio industrial.

2.4. O patrimonio etnolóxico de Angueira de Castro como paisaxe cultural

En termos xerais, entendemos como paisaxe cultural a porción do territorio que alberga unhas determinadas entidades (naturais, históricas, monumentais, arqueolóxicas etc.) que existen desde o momento en que esta paisaxe é apreciada por quen a observa (Ballesteros-Arias, Otero e Varela 2009, 1); é dicir, é a nosa mirada a que constrúe a paisaxe, mirada que se pode enriquecer pero que tamén se pode empobrecer. Polo tanto, entendemos a paisaxe cultural como un produto que require un recoñecemento dos elementos que a compoñen e unha apreciación destes por parte de quen os observa.

Á vista da información achegada, a aldea de Angueira de Castro e o Castro Lupario

²⁷ García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega...*, op. cit., p. 120.

²⁸ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas...*, op. cit., p. 204; García Iglesias, J. M.: *Los pazos y la cocina popular gallega...*, op. cit., p. 120.

²⁹ Rodríguez Dacal, C.; Izco, J.: *Pazos de Galicia. Xardíns e plantas...*, op. cit., p. 214.

móstransenos como unha paisaxe histórica³⁰ vinculada aos procesos de formación dun territorio que na actualidade segue en uso. É unha paisaxe resultado da acción das diferentes actividades humanas ao longo do tempo, na que teñen cabida tanto as entidades materiais (entidades arqueolóxicas, vivendas, hórreos, camiños ou valados) coma as inmateriais (lendas, topónimos etc.). Pero máis alá das entidades rexistradas, a través da información achegada constátase unha actividade social e cultural moi dinámica respecto ao coñecemento e valorización do seu patrimonio. Este é un aspecto moi importante que ter en conta xa que o patrimonio no só ten valor como obxecto senón como algo vinculado a unha colectividade, xa que forma parte das súas referencias identitarias.

Cada un dos elementos etnográficos materiais e inmateriais documentados e catalogados podémolos describir de xeito individual, pero todos forman parte dunha única paisaxe. Como se cita no informe sobre o valor histórico e cultural elaborado pola empresa A Citania³¹ (Constela 2020), son froito dunha sociedade de economía agraria, con influencias externas, polo achegamento da urbe de Compostela (remarcada polas rutas comerciais e culturais de acceso á cidade a través da depresión do Ulla-Sar), pero creando unha paisaxe de marcado carácter rural. Na actualidade, esa imaxe de paisaxe rural segue existindo: construcións adxectivas, campos de cultivo, amplas áreas de bosque autóctono, muros de lindes e camiños, incluso unha fábrica histórica de papel e as construcións tradicionais que trouxo consigo, como muíños ou batáns e o acondicionamento da canle dun río que hoxe en día ten usos sociais.

Utilizando as palabras de Pedro de Llano³², a paisaxe como punto de partida, unha paisaxe comprendida como un territorio cunha determinada topografía, unha peculiar vexetación e unha especial arquitectura.

Á luz da información facilitada, queremos facer fincapé en varios aspectos que dan conta dun relato de ocupación e de organización dunha paisaxe tradicional e lendaria entre Angueira de Castro e o Castro Lupario, dende a Idade do Ferro ata a actualidade, onde se mantivo unha unidade espacial, unha conexión non interrompida no tempo e evidenciada pola ampla diversidade do patrimonio cultural material e inmaterial.

- O primeiro aspecto está relacionado cos procesos que teñen que ver co cambio de poboamento levado a cabo entre a Idade do Ferro, á que pertence o Castro Lupario, e a época medieval na que aparece a aldea tradicional, isto é Angueira de Castro.
- O seguinte aspecto ten que ver coa diversidade de espazos ecolóxicos, usos do solo e formas de produción agraria arredor da aldea, dende as terras altas de monte do Castro Lupario

³⁰Dixon e Hingley (2002) fixeron unha clasificación básica de paisaxes culturais na que falan de paisaxes relictas, aquelas paisaxes con determinados tipos de usos do solo recoñecidos historicamente, pois, aínda que non se conservan na actualidade, podemos detectar pegadas visibles en superficie; e paisaxes históricas, aquelas que mostran determinados tipos de usos do solo recoñecidos historicamente e que actualmente seguen en uso.

³¹Referímonos ao *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo* (coord. X. Constela Doce), Concello de Rois, 2020.

³²“Anexo V. Fichas de arquitectura de Angueira de Castro”, en *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo* (coord. X. Constela Doce), Concello de Rois, 2020.

e a media ladeira onde se sitúa Angueira do Castro, ata as zonas máis baixas a carón do río Tinto.

- Outro dos aspectos que ter en conta é a ampla diversidade de patrimonio etnolóxico material e inmaterial rexistrado neste contorno e que organiza un territorio común.
- O último dos aspectos trata sobre a implicación e participación da veciñanza na identificación e valorización do patrimonio, que funciona como un reactivo da memoria colectiva e reforza o vínculo de identidade e de pertenza a este territorio.

2.4.1 Evolución histórica do poboamento na paisaxe

Estamos nun territorio no que se evidencia o paso de poboamento do castro ao hábitat disperso de aldeas abertas. Este proceso de artellamento territorial, de cambio de poboamento do castro á aldea, acadaría a súa plenitude entre os séculos VIII-IX, momento en que se consolida a ocupación do fondo do val e que vén a ser unha dinámica xeral no territorio galego (Criado-Boado *et al.* 2016: 249-250). Este cambio de situación desencadeará en épocas históricas a ocupación plena do val coas aldeas tradicionais que coñecemos na actualidade.

Así, o monte onde se localiza o castro sitúase na zona de confluencia entre a bisbarra da Amaía e a veiga de Iria Flavia. Este territorio é unha antiga demarcación territorial citada xa no século VI como parte do bispado de Iria (*Amaeam*). No século X dividíase en dúas bandas: a Amaía Alta ou de Cima e a Amaía Baixa, pertencentes aos condes Lucido Vimaraniz e Nuno Goterres. Angueira de Castro, cunha orixe medieval, ten a súa localización na depresión, nas zonas máis baixas, aínda que nun lugar recollido entre as abas do oeste do monte do Castro Lupario³³.

Pero este cambio de poboamento non implicou unha ruptura co proceso histórico de antropización do medio, nin sequera unha destrución da paisaxe castrexa, senón que implicou un cambio de hábitat e unha organización diferente do espazo. A comunicación entre ambas as dúas paisaxes, entre o castro e a aldea, continuou ao longo do tempo ata a actualidade. O castro como espazo simbólico (a lenda da raíña Lupa agora funcionará como un fito na paisaxe) e a aldea como espazo habitado. O Castro como espazo de monte e o val como espazo de labradío.

2.4.2. Diversidade de espazos ecolóxicos: as terras de monte e de labradío

O nexos máis visible entre estes dous espazos, o castro e a aldea, son os camiños. Camiños que nos trasladan ao espazo simbólico e que son os mesmos que permiten a comunicación entre os diferentes espazos ecolóxicos que se suceden na vertente deste val.

No momento en que se funda a aldea tradicional tamén se conforma o espazo produtivo, a explotación do monte, de aproveitamento extensivo, en comparación co uso intensivo das leiras do contorno próximo á aldea (Blanco-Rotea *et al.* 2010). Esta articulación e uso dos espazos de Angueira de Castro e o Castro Lupario é común en moitas zonas de Galicia.

³³ Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro..., *op. cit.*, p. 14.

Cada escada desta vertente ten un tipo de solo e un uso agrario diferente. O monte, no contorno do castro, de uso extensivo con pasto natural para o gando (a existencia dun curro fálanos deste uso), onde tamén se recollía o toxo para xerar o estrume que permitía fertilizar as terras de labor do val, a media ladeira están a aldea de Angueira de Castro e as terras de labradío e, no tramo inferior da vertente, os pastos húmidos e bosque de ribeira por onde discorre o río Tinto. Esta é unha rápida descrición dos usos do solo desta vertente e que sintetiza o que se deu en **denominar como “paisaxe cóncava”** (Ballesteros-Arias 2003: 14), esquema ideal que vén a explicar as vertentes dos vales como un modelo pechado onde se atopa unha gran diversidade de espazos ecolóxicos que a comunidade vai acondicionar para xestionar a súa economía.

2.4.3. Diversidade de entidades etnográficas materiais e inmateriais

As entidades etnográficas rexistradas son moi diversas e responden ás prácticas sociais relacionadas coa explotación económica do contorno, que ordenan o territorio e o dotan de contido simbólico. Podemos distinguir entre varios tipos de entidades relacionadas co patrimonio etnolóxico:

- Construcións relacionadas coas dependencias domésticas, coa economía familiar e tamén co mundo simbólico, como os hórreos.
- Construcións relacionadas coas actividades económicas desenvolvidas, saberes e coñecementos, como as relacionadas co coidado do gando, coma un curro; coa actividade agraria, coma os valados de pedra seca; coa xestión da auga e a transformación dos produtos, coma o Muíño Novo ou o Batán Vello do Campo do Río. E tamén coas actividades extractivas de pedra documentadas.
- Construcións para o tránsito, como son os camiños, exemplo: *o camiño do Castro*.
- Construcións vinculadas ao ámbito da relixiosidade e crenzas, coma os *cruceiros de Angueira* e os do *pazo do Faramello*.
- E as referencias ao patrimonio inmaterial, ao mundo simbólico das lendas, como a *lenda da raíña Lupa*, ou co uso lúdico, como a *Pedra Escorredoiro*.

Todas estas entidades están protexidas pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPC/2016) e recoñecidas no título VII, capítulo III, Bens que integran o patrimonio etnolóxico, e no título V, respecto ao Patrimonio cultural inmaterial³⁴. Así mesmo, con respecto aos muros en pedra seca, a Xunta de Galicia pronunciouse sobre a súa importancia mediante a Resolución do 31 de agosto de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se inclúe no Censo do Patrimonio Cultural a técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial³⁵.

2.4.3.1. Construcións relacionadas coas dependencias domésticas. Os hórreos

Os hórreos son unha das entidades máis características da arquitectura tradicional. Ao longo

³⁴ <https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5942-consolidado.pdf>

³⁵ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160929/AnuncioG0164-210916-0002_gl.html

dos séculos foron a base de sustentación da economía familiar, xa que permiten gardar e secar o millo recollido nos predios de labor para poder pagar as rendas e/ou distribuír o seu consumo doméstico ao longo do ano. A súa construción tivo o seu auxe coa introdución do millo nos séculos XVII e XVIII (Saavedra 1992). En Angueira de Castro hai unha espléndida representación deles.

Para que esta almacenaxe do millo sexa eficaz e non se perda a colleita, máis ala da súa forma, rectangular, cuadrangular ou circular coma os cabazos máis antigos, as construcións deben estar ergueitas sobre o chan para illalas da humidade e dos roedores e, especialmente, para recibir os ventos dominantes, a través dunhas fendas de ventilación. Pero o hórreo tamén é a cara visible da economía da casa. A súa situación, o seu labrado máis ou menos coidado, a súa vistosidade e, por suposto, o teu tamaño fálannos do alcance do patrimonio familiar.

En Angueira de Castro incluíronse 15 hórreos no catálogo³⁶, distribuídos por toda a aldea, en xeral en bo estado de conservación. Os hórreos de Angueira son mixtos de pedra e madeira, algúns reparados con peche de ladrillos, de planta rectangular e estreita. A base de sustentación maioritariamente é de cepas cuadrangulares, en ocasións sobre soleira e con tornarratos corrido. O acceso a cámara faise por un dos penais a través de escaleiras. A cuberta é a dúas augas e de tella. E, sobre ela, dispóñense os elementos ornamentais de remate como as cruces, pináculos ou conos con diferentes acabados. Estes hórreos responden ás características **construtivas dos coñecidos como “tipo Mahía”**, que aparecen principalmente na zona central de Galicia, concretamente nas terras de Santiago (Soraluce Blond *et al.* 2014) e súa importancia vén dada pola relevancia que tiveron no pasado e a que actualmente teñen ao pertencer á categoría de Ben de Interese Cultural.

2.4.3.2. Construcións relacionadas coas actividades económicas

Neste apartado facemos mención ás distintas construcións de carácter etnográfico documentadas e que dan conta dunha estratexia económica diversificada que organiza a paisaxe e foi mantida no tempo.

Coidado do gando

Documentouse a existencia dun peche circular vinculado a un posible curro³⁷ para o coidado do gando, situado nas abas do monte, entre o Castro e a aldea de Angueira, e feito en cachotaría traballada en seco.

Este, dado a coñecer pola veciñanza, dá conta da existencia dunha economía comunitaria en Angueira de Castro, de coidado do gando, moi relacionada cos usos do monte dos que falabamos no apartado da diversidade de usos ecolóxicos do val, onde todo o espazo cumpre unha función dentro da organización económica do mundo campesiño.

³⁶ “Anexo IV. Fichas dos hórreos localizados en Angueira de Castro”, en *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo* (coord. X. Constela Doce), Concello de Rois, 2020.

³⁷ *Ibidem*, pp. 91-95.

O espazo agrario. Valos de parcelas

Moi vinculado co anterior, e dentro da variabilidade tipolóxica de elementos agrarios, están os peches de monte ou valos. Na agricultura tradicional as terras de monte estaban integradas na explotación agraria. En xeral, os terreos máis accesibles utilizábanse para o cultivo de cereal de inverno e o resto para cultivo e recollida do toxo para fertilizar as terras de labor. E para delimitar estes terreos levantábanse cercados de terra, de pedra seca ou mixtos (Ballesteros-Arias *et al.* 2011).

Entre moitos dos valados en pedra seca que conforman a paisaxe agraria tradicional de Angueira, destacan o valado do camiño de Angueira de Castro a Castro Lupario, que delimita as terras de monte que hai nas súas marxes e en relación cos camiños. E o valado do pazo do Faramello³⁸, linde sur da chaira do lugar coñecido como Fonte do Ouro, antes da caída cara á depresión do río Tinto, e linde norte coas propiedades do pazo do Faramello; cunha extensión lineal de máis de 160 m e construído en cachotaría de granito en seco, procedente das abondosas canteiras nas abas do Castro e nas inmediacións.

Áreas de actividade e xestión da auga

En Angueira de Castro localizáronse dous muíños que dan conta da diversidade da economía campesiña e dos oficios asociados a un modo de vida tradicional.

O chamado Muíño Novo está vinculado coa moenda do cereal e é de propiedade comunitaria. Ten planta cuadrangular con muros de cachotaría de granito e grandes perpiaños nos esquinais e na porta de acceso, cun pousadoiro na entrada e con cuberta a unha auga, derruída. No interior conserva o pé da moa e diversas estruturas onde iría encaixado o resto das pezas do muíño. Nutríase a través dunha levada do río Tinto.

O segundo muíño é coñecido polos topónimos de Muíño Vello, Batán Vello ou Campo do Río, tamén de propiedade comunitaria, con muros de cachotaría practicamente derrubados, pero conserva o seu depósito de auga, o cubo. Tamén conserva partes do trazado das canles de auga que o abastecían. As canles distribúense ao longo da marxe norte do río nun trazado de máis de 250 m lineais que arranca nas proximidades do pazo do Faramello. No interior estaría todo o mecanismo feito en madeira composto basicamente duns mazos de grandes proporcións cortados en forma de cuña polo lado que golpean e baten o tecido, que debía de estar sempre mollado. Pola información achegada, este batán formaríase parte do complexo hidráulico de batán e muíños construído durante o século XVIII polos industriais xenoveses Bartolomé Piombino e José Gambino, que acondicionan os terreos do río para unha instalación industrial de fabricación de papel que acabaría converténdose en real fábrica.

Pero este batán adquire unha maior relevancia na actualidade debido ás características singulares da súa localización, nunha fraga a carón do río Tinto. Neste tramo do río parten canais que, ademais de nutriren o batán, permiten o rego das leiras que están ao sur de

³⁸ *Ibidem*, pp. 71-75.

Angueira; nel tamén se limpaban os pipos de viño das casas de Angueira. Na actualidade, este lugar segue a ser un espazo en uso. A veciñanza de Angueira converteuno nun espazo de lecer, acondicionado e mantido por eles para reunións diversas e festas parroquiais. Un espazo en forma de illa rodeado polas canles de derivación da auga, contido artificialmente por muros de contención de cachotaría de granito para evitar así a súa erosión.

Estamos, pois, ante un espazo social, de xuntanza habitual sumamente importante para manter a cohesión da comunidade e, como se di no informe³⁹, este lugar representa o punto de encontro da aldea de Angueira pero tamén dos peregrinos, xa que a ruta do Camiño Portugués e a Ruta do Mar de Arousa pasan a escasos 30 m del.

Actividades extractivas. A cantaría

A actividade extractiva da pedra, xunto co propio coñecemento da construción da pedra en seco, é un proceso diacrónico que vai transformando a paisaxe de Angueira do Castro ao longo do tempo segundo as necesidades das comunidades que aquí viviron, dende a Idade do Ferro, coa construción do castro e as súas vivendas, pasando pola Idade Medieval, Moderna e Contemporánea. A extracción da pedra no monte era unha das tarefas máis laboriosas e requiría uns coñecementos específicos. Cernadas Sande (2018: 27) sinala que no ámbito rural, coincidindo coa expansión do millo e da pataca, é cando florece a cantaría e as construcións populares se fan máis variadas. Aparecen os primeiros hórreos de pedra, xeneralízase a construción de muíños e as vivendas fanse máis habitables, complementándose con anexos como eiras, pozos, alpendres ou cortes.

As actividades extractivas están documentadas tanto polas canteiras e demais sinais extractivos que rodean o monte do Castro coma polas diversas construcións etnográficas rexistradas no monte e no val. A importancia desta actividade vén acrecentada por estar intimamente ligada ao patrimonio inmaterial da construción da pedra en seco á que nos referimos anteriormente.

2.4.3.3. Construcións para o tránsito: os camiños

Os camiños lévannos á aldea, aos campos de labor, ao monte, aos lugares de culto, aos de lecer, ás feiras etc. Camiños de carros, de terra e laxeados, sen grandes desniveis para poder ir cos carros, que tras moito tempo de paso deixaron as rodeiras como testemuños do seu uso. Como é o caso do Camiño do Castro e das rodeiras rexistradas nalgúns tramos⁴⁰. É un camiño en uso, delimitado cun valado de pedra seca ao que fixemos mención. Trátase dunha estrutura lineal adaptada ás curvas de nivel que rodea a aldea de Angueira de Castro polo leste e sueste e sobe cara ao Castro Lupario atravesando as zonas de monte. En xeral, o aspecto comunitario está moi presente neste tipo de camiños rurais porque o seu arranxo e mantemento adoitan ser veciñais.

³⁹ *Ibidem*, pp. 81-90.

⁴⁰ *Ibidem*, pp. 49-55.

Este camiño adquire unha gran relevancia no conxunto desta paisaxe xa que, ademais de seguir en uso ao longo do tempo, é a arteria que permite a comunicación entre o espazo simbólico (constituído polo castro e a lenda da raíña Lupa) co doméstico (a aldea), e o espazo de monte (o castro e o seu contorno inmediato) coas terras de labor (a aldea e as terras do val).

2.4.3.4. Construcións relacionadas co ámbito da relixiosidade e das crenzas. Os cruceiros

Dentro dos elementos etnográficos que forman parte do catálogo do PXOM de Rois como elementos para protexer na contorna de Angueira de Castro hai catro cruceiros, un na propia aldea, outro no Adro-Faramello e dous máis no pazo do Faramello. A súa importancia radica en que estas entidades funcionan como elementos intermediarios ou de conexión co mundo das crenzas, vinculados a un proceso de cristianización dos camiños e das encrucilladas e, polo tanto, mesturados con rituais pagáns. Un valor simbólico que está intimamente unido ao seu valor patrimonial e artístico.

2.4.3.5. O patrimonio inmaterial, a lenda da raíña Lupa e a Pedra Escorredoiro

Neste apartado facemos referencia ao patrimonio intanxible relativo á memoria e historia oral da comunidade, como é o caso da lenda da raíña Lupa⁴¹, e ás prácticas rituais, lúdicas ou que incluso poderíamos denominar de sociabilidade colectiva, como é o caso da Pedra Escorredoiro⁴².

A lenda da raíña Lupa mostráenos como un elemento simbólico que conecta o Castro Lupario coa lenda xacobeá da translación do Apóstolo cara a Santiago. O frade Juan de Azcona no 1532 sitúa no Castro a morada da raíña Lupa, directamente relacionada coa lenda do sepulcro apostólico. Esta referencia é a que lle outorgou ao lugar a “maxia” e a relevancia histórica que acadou ata hoxe pola relación co culto xacobeo, polo que se lle asinou o nome de Castro Lupario. Denominación compartida co resto dos nomes que posúe por parte da veciñanza.

Así, o Castro Lupario, de ser un asentamento habitacional na Idade do Ferro, pasou a pertencer ao mundo simbólico, fito na paisaxe e referente dunha das lendas máis estendidas do rito xacobeo.

Unha segunda referencia é a Pedra Escorredoiro, un ben etnográfico asociado co uso dun penedo como pedra escorregadoira no que se documenta un gravado rupestre en forma de cazoleta. O seu nome fai referencia a que este afloramento natural, alongado e moi pulido fora lugar de xogo utilizado polas crianzas para esvarar por el coma nun tobogán.

Estas dúas manifestacións destacan polo seu valor simbólico e identitario, a lenda da raíña Lupa ten un gran alcance territorial e a segunda é de carácter máis local, pero ambas recoñecidas e identificadas pola comunidade.

⁴¹ *Ibidem*, pp. 15-28.

⁴² *Ibidem*, p. 38.

2.4.4 A participación da veciñanza na identificación e valorización do patrimonio. O valor social do patrimonio

*A referencia a este elemento déunola a veciñanza de Angueira de Castro*⁴³.

Esta cita reflicte como a veciñanza de Angueira de Castro se implicou directamente na identificación, rexistro e documentación do seu patrimonio. Entende que o pasado ten un valor fundamental na súa identidade persoal pero como ben colectivo. E as entidades patrimoniais (materiais e inmateriais) forman parte dunha memoria compartida e son a base sobre a que activar un proceso de reflexión sobre o patrimonio da súa paisaxe.

É interesante ver como a acción veciñal arredor do patrimonio se centra na conservación da paisaxe. De feito, sucede que a maior parte das paisaxes culturais se conservan no medio rural (Prats 2005) pero, en ocasións, a tendencia en alza á súa banalización convérteas en paisaxes moi fráxiles, con alto risco de desarticulación e desestruturación. Dende a eliminación de pequenos elementos singulares e identitarios (muros, árbores, valados), ata a supresión de camiños rurais, o que, pola súa vez, leva consigo o esquecemento da microtoponimia, dos usos do solo etc.

Nesta dinámica, debe destacarse en Angueira a implicación e participación da veciñanza na localización e inventariado do seu patrimonio e na redacción de informes co fin de protexer o seu patrimonio, conservar e divulgar ⁴⁴ os valores sociais e culturais da súa paisaxe. Remitíndonos novamente ao Informe⁴⁵, a identificación do pobo, das persoas que habitan nas inmediacións, cos elementos que conforman a paisaxe é indispensable para crear cohesión social e, incluso, defender e protexer o patrimonio. En palabras de Llorenç Prats (2005: 29), é o camiño para converter o patrimonio local nun poderoso instrumento social ao servizo da poboación.

O gran reto sería incorporar a cidadanía á toma de decisións sobre os ben patrimoniais e sobre a paisaxe, facilitando as canles de intervención participativa.

3. O Camiño de Santiago, Camiño Portugués

O Camiño Portugués é unha das rutas principais dos Camiños de Santiago recoñecidas na LPC/2016 (con anterioridade na Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago, en diante LPCS). Esta ruta constitúe un eixe de comunicacións no noroeste da península que segue o trazado da vía romana XIX do Itinerario Antonino e do camiño real entre Ponte Sampaio e Santiago, dentro do límite do arcebispado de Santiago, impulsado polo arcebispo Rajoy e rematado en tempos do arcebispo Malvar (1751-1772).

⁴³ *Ibidem*, pp. 40, 45, 48, por exemplo, xa que estas indicacións se atopan en moitos dos elementos culturais rexistrados e documentados neste informe.

⁴⁴ *Ibidem*, p. 9.

⁴⁵ *Ibidem*, p. 139.

Esta ruta do Camiño de Santiago, igual que o Camiño de Fisterra e Muxía e a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe (ademais do Camiño de Inverno incorporado ás rutas do Camiño de Santiago no ano 2016), está pendente do procedemento que a LPC establece para a definición do seu trazado e do ámbito xeográfico da implantación do territorio histórico, así como da súa delimitación.

A Disposición Transitoria 6ª da LPC/2016 estableceu un prazo de tres anos desde a súa aprobación para incoar o procedemento de delimitación das devanditas rutas, que rematou en agosto de 2019, sen que se iniciase ningún deses procedementos. No ano 2008 a Consellería de Cultura contratou os estudos para a delimitación do Camiño Portugués, Camiño de Fisterra, Vía da Prata e Camiño Inglés co mesmo contido e metodoloxía dos realizados para o Camiño Francés, Camiño Norte e Camiño Primitivo. Estas últimas rutas foron delimitadas entre os anos 2011-2014 e das primeiras unicamente se aprobou a delimitación do Camiño Inglés, no ano 2014.

A mesma DT 6ª estableceu unha definición provisional do trazado destas rutas e do seu territorio histórico a partir dos procedementos de delimitación e deslinde que se iniciaran entre os anos 1997 e 1998. Ese trazado do Camiño Portugués refírese ao que foi sometido a información pública por acordo publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 3, do 7 de xaneiro de 1998, que non foi resolto, e esténdese á totalidade dos solos de núcleo rural tradicional delimitados que atravesase a trinta metros no caso de solos rústicos de calquera natureza, excluindo os solos urbanos e as infraestruturas.

O Catálogo do PBA aprobado no ano 2018 inclúe as rutas dos Camiños de Santiago, polo que aquelas que non foron aínda delimitadas contarían, ademais de coa protección da DT 6ª citada, coa protección que corresponde aos bens catalogados en virtude do establecido no artigo 30 da LPC/2016.

O Camiño Portugués a Santiago definido no PBA é atravesado pola liña de alta tensión que discorre entre a nova subestación proxectada en Lousame e a existente en Tibo (Caldas de Reis) no tramo do Camiño entre a mansión viaria romana de Iria Flavia (Padrón) e Santiago de Compostela, que discorre entre os concellos de Rois e Teo.

3.1. O trazado da ruta do Camiño Portugués no ámbito afectado

A traza recoñecida do Camiño Portugués, como xa se sinalou, é dupla no ámbito obxecto deste informe. Por unha banda, o trazado protexido pola DA 6ª da LPC/2016, que discorre pola estrada N-550 entre A Picaraña e o desvío na marxe esquerda da calzada cara ao Faramello, e, por outra banda, o trazado recollido no PBA, que se aparta da estrada para continuar por un camiño ao oeste da nacional ata enlazar coa estrada ao Faramello.

Como sinala Nárdiz, a coincidencia entre o Camiño Real de Santiago a Pontevedra, que seguiría a actual estrada, a vía romana e o camiño medieval só pode afirmarse en tramos próximos aos pasos dos ríos en Ponte Valga, Pontevedra, Ponte Couto e Ponte Sampaio. O trazado do camiño medieval discorrería dende Padrón por Prada, Rúa de Francos e O Milladoiro seguindo un trazado diferente do da vía romana por Lampai e Calo, que domina a Depresión Meridiana (Nárdiz 1992).

O artigo 76 da LPC/2016 require definir, ademais dos trazados principais, tramos históricos que permanecen en uso con características tradicionais, os trazados funcionais, tramos alternativos de carácter cultural, ambiental ou de seguridade para as persoas usuarias, e os trazados de vestixios históricos, que se corresponden cos tramos históricos documentados que se perderon física ou funcionalmente.

A delimitación débese apoiar nun traballo documental e de campo que permita identificar o trazado histórico nun territorio modificado pola superposición e construción das infraestruturas modernas (estrada nacional e ferrocarril) e no que a rede de camiños tradicionais foi practicamente destruída polos procesos de reestruturación parcelaria, concentracións parcelarias das parroquias de Cruces no concello de Padrón, Ribasar no concello de Rois, Bastavales no concello de Brión e Calo no concello de Teo.

Parece indiscutible o paso do Camiño polo Faramello cara a Rúa de Francos marcado pola topografía no paso entre os montes Areal-Estivada e Buxán (Castro Lupario) por onde discorre o río Tinto, tramo no que é atravesado pola liña aérea de alta tensión proxectada.

3.2. O territorio histórico do Camiño Portugués

Malia que a vixente LPC/2016 integrou no seu título VI a regulación do réxime de protección dos Camiños de Santiago, derogando a anterior LPCS, mantivo desta a natureza dos Camiños de Santiago dos que forma parte o territorio que os define, recoñecendo o Camiño Portugués como un ben catalogado na categoría de territorio histórico que é definido no seu artigo 10.1 i) como *o ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico.*

Defínese ese territorio por ser o soporte físico dun complexo sedimento de valores históricos e culturais e nel reside o trazo máis característico do valor histórico-cultural do Camiño: a súa enorme potencia significativa; a súa rica avenza de identidade cultural. En efecto, o Camiño reúne aspectos inmateriais, derivados do feito de ter sido o escenario dunha peregrinaxe tradicional, de natureza relixiosa, xeradora de lendas, usos, costumes, e portadora dunha clara funcionalidade de cohesión política do mundo medieval. Porén, para alén do propio feito da peregrinación pasada e presente, o característico do Camiño de Santiago como realidade patrimonial é a ubicación espacial lineal dos seus distintos elementos, e o seu profundo significado histórico. Este espazo historizado dá coherencia a múltiples elementos de patrimonio construído ao longo do tempo (castros, arquitectura civil e relixiosa, pontes, fontes, cruceiros, petos de ánimas, hospitais), e mantén, aliás, a estrutura do complexo agrario de orixe medieval, contemporáneo da formación do Camiño: a rede de camiños, da distribución dos usos agrarios e a súa relación co modelo de asentamentos humanos, a morfoloxía dos núcleos de poboación e, en definitiva, a singular forma de humanización do territorio que vén caracterizando o noroeste peninsular desde época inmemorial, cuxa continuidade e evolución desde a antigüidade ten sido posta de manifesto polos historiadores contemporáneos, desde os

traballos seminais de Abel Bouhier⁴⁶ ou Elisa Ferreira Priegue⁴⁷, ata José Carlos Sánchez Pardo⁴⁸.

As relacións transversais do Camiño con ese territorio e os elementos que as soportan explican o proceso interactivo de formación do itinerario no seu contexto natural e cultural; reflicten a incidencia do Camiño na formación e transformación do territorio, da que é resultado a actual paisaxe cultural: unha paisaxe que ilustra a evolución da sociedade humana e os seus asentamentos ao longo do tempo, e conteñen pegadas culturais tanxibles e valores intanxibles asociados ao elemento natural⁴⁹. (Amoedo e Nieto 2013)

Nas rutas do Camiño de Santiago xa delimitadas pola Consellería de Cultura seguiuise un criterio común na delimitación do territorio histórico. Así, descríbese na delimitación do Camiño Primitivo⁵⁰ para o caso do Camiño Norte:

... esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediata ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastada. Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do camiño duns cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. En xeral esta delimitación é máis ampla no lado no que hai vistas que no lado no que non as ten. A delimitación engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño e as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa o Camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata (http://ficheiros-web.xunta.gal/patrimonio/DELIMITACION_CNORTE/10_MEMORIA_SOBRADO.pdf, consulta de xaneiro de 2021).

Ou no caso do Camiño Inglés, no que se distinguiu entre as áreas rurais en que se conserva a paisaxe cultural tradicional e as áreas rurais en que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria nas que se atende tamén a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximos:

A delimitación pode verse incrementada para engloba-las áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico (http://ficheiros-web.xunta.gal/patrimonio/DELIMITACION_CINGLES/08_PADERNE.pdf, consulta de xaneiro de 2021).



⁴⁶ Cfr. a súa tese de *doctorat d'Etat*, defendida en 1977 e publicada dous anos máis tarde: *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, Imprimerie Yonnaise, La Roche-sur-Yon, 1979, dous tomos. Aínda que aquí foi manexada esta versión, pola que se cita, hai tradución ao galego, *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria / Caixanova, 2001.

⁴⁷ Cfr. *Los caminos medievales de Galicia*, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial, 1988.

⁴⁸ Cfr. *Territorio y poblamiento en Galicia entre la antigüedad y la plena Edad Media*, disponible no repositorio de teses de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (<http://hdl.handle.net/10347/2451>).

⁴⁹ Cfr. os traballos de José Ramón Menéndez de Lurca: “El Camino de Santiago como Paisaje Cultural”, *Revista ambiente digital*, nº 98 (accesible en liña no site <http://www.revista-ambiente.com.ar/imagenes/99/Camino%20de%20Santiago.pdf>) e “Los caminos en la historia del territorio”, *Ingeniería y Territorio*, nº 69, 2004, pp. 68-77; en colaboración con Arturo Soria y Puig, “El territorio como artificio cultural: Corografía histórica del Norte de la Península Ibérica”, *Ciudad y territorio: Estudios territoriales*, nº 99, 1994, pp. 63-94, e no libro *La construcción del territorio. Mapa histórico del noroeste de la Península Ibérica*, Barcelona, Fundación Rei Afonso Henriques, 2000.

⁵⁰ As citas que se inclúen a continuación están tomadas da memoria da delimitación no concello de Castroverde, contido coincidente coas memorias dos demais concellos, http://ficheiros-web.xunta.gal/patrimonio/DELIMITACION_CNORTE_OVIEDO/03_ovedo_memo_CASTROVERDE.pdf.



O territorio polo que discorre o Camiño Portugués entre Angueira de Suso e Rúa de Francos foi obxecto dunha intensa reestruturación, á que xa nos referimos no apartado anterior, a causa dos procesos de concentración parcelaria das parroquias de Cruces, Ribasar, Bastavales e Calo. Dentro deste ámbito, os espazos que conservan en certa medida a estrutura histórica do territorio son aqueles polos que discorre o Camiño catalogado no PBA ao seu paso pola veiga de Angueira de Castro e O Faramello, ademais do monte Buxán (Castro Lupario), a aldea de Angueira de Castro e os terreos situados na aba sobre a que se apoia a liña eléctrica de alta tensión.

Non é obxecto deste informe delimitar ou identificar o territorio histórico do Camiño, mais parece evidente que, considerando a xeografía e a paisaxe, este debe incluír os cumes monte Buxán (Castro Lupario) e A Estivada, que marcan o paso do Camiño e o río Tinto e a veiga de Angueira pola que discorre a ruta catalogada. Na identificación dese territorio cómpre atender ás distintas formas de ocupación e asentamento anteriores, contemporáneas e posteriores á formación do Camiño, que se sucederon no tempo e entre as que existen máis relacións que as de compartir espazos físicos próximos, que son testemuños da transformación do territorio. O Castro Lupario, a aldea medieval de Angueira de Castro, o Pazo de Faramello e a antiga fábrica de papel, o Camiño de Santiago, ademais dos elementos da construción dese territorio como camiños e valados, e mais os restos identificados ligados a actividades que nel se desenvolvían, coma o batán no río Tinto ou o curro documentado, constitúen un conxunto de elementos *que permiten acceder a unha superior comprensión dos procesos históricos que moldearon a transformación do territorio e do Camiño* (Amoedo e Nieto 2013).

A freguesía de Santo Antoíño do Castro, que tería a súa sé na igrexa de Santo Antoíño de Castro no Castro Lupario, unha das igrexas que Xelmírez recibiu do seu irmán Munio no ano 1112, convertida despois en capela e desaparecida en 1635 cando foi derrubada por atoparse en estado ruinoso, foi unha das primeiras parroquias deste territorio e o seu ámbito e a localización da súa sé poñen de manifesto a importancia desa acrópole na estruturación histórica do territorio. Daquela igrexa podería proceder o santo Arandel de Beca (relevo dun crucificado) depositado no Museo do Pobo Galego (González Pérez 2016).

A extensión do territorio histórico do Camiño Portugués abarcando o Castro Lupario no seu ámbito responde así a criterios de carácter xeográfico e paisaxístico, de carácter histórico en relación coa organización e estrutura do territorio e coa definición do Camiño, ademais de incorporar os elementos patrimoniais que o caracterizan polos seus valores históricos, arqueolóxicos e arquitectónicos, por unha banda; e, por outra, tamén os inmateriais vinculados á lenda da raíña Lupa e a súa relación coa *translatio*.

O interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico e industrial deste territorio está identificado e descrito no presente informe nos seus distintos apartados e súmase á súa relación co Camiño Portugués para requirir a súa protección.

4. Afección ao patrimonio cultural do proxecto de LAT

A LAT proxectada achegarase en dirección NO-SE ao ámbito analizado e o seu trazado fixarase entre Angueira de Castro (a aldea quedará ao sur da LAT) e o Castro Lupario (ao norte da LAT). Para evitar afectar ao recinto castrexo, a LAT bordea pola parte máis meridional o mesmo, na zona baixa con menos pendente, o que supón que se achegue ao núcleo de poboación de Angueira de Castro.

Xa no seu avance cara ao sur, desde Angueira de Castro a LAT atravesará o val encaixado do río Tinto, o Camiño de Santiago, Camiño Portugués, e a estrada nacional, e no seu percorrido cara a Santiago discorre pola aba leste seguindo o curso do río e salvando os montes. Deste xeito, o pazo do Faramello coa súa propiedade quedará ao norte da LAT.

Analízase deseguido a afección da liña de alta tensión proxectada considerando a afección ao patrimonio arqueolóxico derivada da proximidade da liña, apoios e camiños aos ámbitos arqueolóxicos, a afección aos elementos patrimoniais individualmente considerados e aos seus contornos e, finalmente, a afección á paisaxe cultural que constitúe o territorio histórico do Camiño Portugués.

4.1. Afección sobre os bens do patrimonio arqueolóxico

Para realizar a valoración da afección sobre o patrimonio arqueolóxico téñense en conta os seguintes criterios de magnitude, extensión, tipoloxía, fiabilidade, reversibilidade e intensidade, distinguindo: 1. Afección física e 2. Impacto visual. Para cuantificar o grao de incidencia téñense en conta as categorías de impacto que a normativa sobre Avaliación de Impacto Ambiental establece: crítico, severo, moderado, compatible e sen impacto.

Considéranse as seguintes accións susceptibles de causar impacto:

- a) A escavación de postes, torres ou apoios fixos para a sustentación de cables condutores de enerxía.
- b) Devasas para o voo sobre o predio servinte e a creación dunha zona de seguridade de protección da liña.
- c) Creación ou ampliación de camiños para o paso ou acceso para atender ao establecemento, vixilancia, conservación e reparación da liña eléctrica.

Considérase CRÍTICO o nivel de impacto sobre o Castro Lupario polas seguintes afeccións:

- A torre T27 está a carón da súa área de amortecemento e a T26, moi achegada.
- Devasa para rozar nas marxes da área de amortecemento.
- Os camiños de acceso están nas marxes da súa área de amortecemento, de feito o Camiño do Castro, por onde se desenvolven parte dos accesos, representa o seu linde polo sur.
- A potencialidade de posibles novas estruturas do castro na súa aba sur, aínda non ben definida arqueoloxicamente, dados os achados localizados na última prospección de dous

aterrazamentos murados. A LAT pode incidir directamente e destruír estruturas soterradas ou aínda non descubertas.

- A traza da instalación incide no impacto visual que terán as torres sobre o ben, pola implantación xeográfica do castro, e o seu dominio visual da conca do Sar e o Camiño cara a Santiago. A visibilidade e a paisaxe do castro veranse moi alteradas pola apreciación das torres da liña de alta tensión.

O impacto sobre o Petróglifo de Angueira do Castro considérase MODERADO atendendo ás seguintes afeccións:

- As T26 e 27 están situadas moi preto da área de amortecemento.
- O voo está tamén afastado das áreas de protección.
- Os camiños de acceso entran na área de amortecemento.
- Está afastado da instalación e verase afectado na medida que vai ser afectado o núcleo de Angueira do que forma parte, xa que está nunha casa do Conxunto Histórico.

A LAT ten tamén un impacto MODERADO sobre o conxunto de petróglifos atopados nas abas de Castro Lupario: Petróglifo e Pedra Escorredoiro, Petróglifo da Pedra Escorredoiro 2, Petróglifo da Pedra Escorredoiro 3, Petróglifo de Fonte do Ouro, Petróglifo de Fonte do Ouro 2.

- As torres T26 e T27 non están achegadas aos elementos e un pequeno outeiro tapa parcialmente as vistas a estes elementos, agás os localizados máis ao sur, o Petróglifo de Fonte do Ouro 1 e a Ref. Petróglifo de Fonte do Ouro 2, que si teñen á vista as torres, aínda que están por fóra da área de amortecemento.
- Co voo sucede o mesmo, só queda á vista dos dous últimos elementos.
- O mesmo sucede cos camiños de acceso.
- Quizais sexan os bens que sufrirán menos alteración dada a súa distancia á instalación e que hai un pequeno outeiro que os oculta visualmente das torres eléctricas, entre eles e a vila de Angueira. Non sucede o mesmo cos gravados atopados na Fonte do Ouro, sobre os que si haberá impacto visual dende o lugar onde se sitúan.

4.2. Afección sobre os bens patrimoniais e o seu contorno

O trazado da LAT proxectada pasa ao norte-nordeste do lugar de Angueira de Castro, moi preto da aldea, e entre esta e as abas sur-suroeste do Castro Lupario. O excesivo achegamento á aldea, por mor de esquivar o xacemento castrexo e dispor dun terreo menos inclinado, suporá a obrigada convivencia cunhas estruturas moi agresivas que alteran por completo a fisionomía tradicional desta aldea. Un conxunto histórico tan destacado, ben conservado e modélico na súa posta en valor coma o de Angueira de Castro pasará a ser castigado coa presenza das xigantescas torres metálicas e fíos eléctricos de alta tensión ao carón mesmo das casas, a maioría delas dos séculos XVIII e XIX.

O impacto visual sobre o conxunto histórico é moi agresivo, rompendo e desestruturando a percepción tradicional do territorio que se ten desde hai 4000 anos. Se no caso da afectación de Angueira de Castro o seu patrimonio construído e, sobre todo, os seus habitantes resultarán prexudicados dun xeito directo e verdadeiramente gravoso, desde o punto de vista das contornas patrimoniais a afectación tamén será irreparable.

A importancia da creación e conservación da paisaxe arredor dos elementos patrimoniais está contemplada pola *Lei do patrimonio cultural de Galicia*, onde se definen as áreas de protección dos bens e as áreas de amortecemento que se establecen co obxectivo de reforzar a protección dos bens e as súas condicións de implantación sobre o territorio, polo que deben ser tidas en conta *as condicións de visibilidade e perspectiva do ben, así como outros aspectos ou atributos que sexan funcionalmente significativos para a protección dos valores culturais dos bens en relación co territorio* (art. 13.2 da Lei do patrimonio cultural de Galicia).

Os bens do patrimonio cultural catalogados neste ámbito non contan nin con zona de amortecemento nin con contorno de protección delimitado de forma expresa e específica, en relación coa implantación concreta do ben no territorio e as súas relacións ambientais. Nestas condicións, a avaliación do impacto neses contornos establecidos con carácter subsidiario como franxas xenéricas non atende á protección dos valores culturais deses bens en relación co territorio.

O trazado da LAT pasa entre a aldea de Angueira do Castro e o propio Castro Lupario, o que implica unha ruptura na paisaxe e na interrelación destes dous elementos, cortando o cordón umbilical que os une, o Camiño do Castro. Un factor de impacto irreversible xa que a aldea de Angueira nace co inicio do camiño de subida ao castro, o quinteiro de baixo, cunha pequena agrupación situada no contorno dunha torre defensiva dos séculos XIV-XV, hoxe convertida en casa grande construída polo señor do Faramello. O nacemento da aldea estaría ligado a este camiño, cuxo trazado, polos bens aos que dá acceso, sería posiblemente castrexo e romano, e con seguridade altomedieval e baixo medieval, e posteriormente se converteu en camiño tradicional.

A LAT proxectada impacta no conxunto dunha paisaxe cun forte valor simbólico e mítico da historia de Galicia: O castro representa un dos bens máis salientables pola súa relación co culto xacobeo derivado da localización no linde do Camiño Portugués e da Ruta do Mar de Arousa, e toda a vinculación coa raíña Lupa que se fai no *Códice Calixtino* e nas investigacións e especulacións posteriores sobre a localización do seu castelo, que deriva no seu nome actual como Castro Lupario. Tamén outros elementos teñen un valor simbólico e identitario para a comunidade, como a Pedra Escorredoiro, un bloque de granito natural utilizado como lugar de xogo e espazo de lecer que foi respectado ata polos traballos de cantaría tradicional realizados nas abas do Castro; ou o grande acivro situado no pazo do Faramello, que é un dos símbolos de Rois xunto co Camiño de Santiago, representado pola vieira, figurando os dous no seu escudo municipal.

Neste punto cabe referir un concepto habitualmente empregado pola historia e a historia da arte no tocante á suma de elementos patrimoniais nun espazo: a *paisaxe monumental*. Neste caso é evidente cando nunha contorna tan próxima se sitúan conxuntos patrimoniais tan sobranceiros como a propia aldea histórica de Angueira de Castro, na parte máis baixa da aba do monte onde se asenta o Castro Lupario, e tendo como terceiro conxunto patrimonial vinculado cos anteriores o pazo do Faramello; e, así mesmo, co Camiño de Santiago (Camiño Portugués), que discorre polo lado leste con respecto aos outros tres pero mantendo unha relación moi directa con todos eles, dun xeito especial co lendario Castro Lupario e co propio pazo do Faramello que bordea.

4.3. Afección sobre a paisaxe cultural e o territorio histórico do Camiño Portugués

Non se pode ter en conta só os elementos patrimoniais localizados e singularizados, senón o conxunto de todos eles, mediante as interrelacións e sinerxías que os unen no mesmo espazo acoutado, que conforman unha paisaxe singular e un conxunto histórico indisoluble. Os principais elementos deste conxunto son o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro, o Camiño Portugués de peregrinación a Santiago, o conxunto de gravados rupestres Angueira/Castro Lupario, con categoría xenérica de BIC, e o pazo do Faramello.

Ningún dos catro elementos/conxuntos patrimoniais se pode entender ser ter en conta os outros tres, tanto visualmente –no que atinxe á percepción e contemplación espacial da paisaxe resultante– coma no tocante á propia memoria histórico-cultural que os sustenta. Por iso, resulta incompreensible que se permita o trazado dunha LAT que vai comportar un total impedimento na relación visual tradicional da aldea de Angueira co Castro Lupario e o seu monte e, por suposto, viceversa: a LAT afecta directamente á contorna arqueolóxica, modificando calquera percepción do monumento ou desde o monumento arqueolóxico cara ao SE e SO. E desde o propio pazo do Faramello algunha das torres metálicas e, por suposto, os fíos colgantes de alta tensión serán visibles desde os miradoiros, solainas, balcóns e terrazas do pazo e da súa contorna inmediata en dirección suroeste, o que de novo impedirá unha natural e tradicional vinculación perceptiva co monte do Castro Lupario e coas estribacións da propia aldea de Angueira de Castro; tendo en conta, neste caso, o espazo que abre o propio río Tinto no seu avance cara ao sur e, polo tanto, cara ao lugar onde está fixado o trazado da LAT.

Pola súa vez, os peregrinos que se dirixan ata Santiago por este camiño deberán sufrir o achegamento a esta sobranceira paisaxe monumental ollando como unha LAT se interpón visualmente ante o paradigmático Castro Lupario das fontes xacobeas, imposibilitando a percepción e desfrute desta fermosa contorna histórica que parte da propia aldea de Angueira de Castro.

Un dos sete tipos de ámbitos de especial atención paisaxística (AEAP) definidos no Catálogo das paisaxes de Galicia comprende as liñas eléctricas de alta tensión para as que o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia. (DOG

núm. 20, 1 de febreiro de 2021) propón como obxectivo de calidade paisaxística: *AEAP_2: Unhas instalacións enerxéticas planificadas e deseñadas segundo as propostas máis respectuosas coa paisaxe, previstas co menor impacto visual posible e nas que se leven a cabo as medidas correctoras precisas para a minimización do seu impacto en AEIP.*

Para o Camiño de Santiago eses obxectivos concréntanse no mesmo documento nunha matriz paisaxística na contorna dos Camiños de Santiago ben conservada mediante a protección de todos aqueles elementos que constitúen a paisaxe cultural que conforma o Camiño de Santiago e a minimización das afeccións ás liñas estruturais da paisaxe vinculada ao camiño: elementos lineais (peches tradicionais, sebes, arboredos etc.), sistema viario adxacente, cursos de auga, modelo parcelario e sistema de cultivos, valores medioambientais, fisiografía e relevo, infraestruturas, núcleos de poboación e patrimonio material e inmaterial.


Xa na *Guía para a protección do Camiño de Santiago* aplicable ao CAMIÑO DE SANTIAGO FRANCÉS, elaborada pola Consellería de Cultura no ano 2012, foi especialmente considerado o impacto das LIÑAS DE MEDIA E ALTA TENSIÓN:

Se nalgún punto é inevitable o cruzamento co Camiño, as liñas irán soterradas ao menos dentro do ámbito do territorio histórico e procurarase que non afecten de xeito significativo á conca visual do Camiño de Santiago. Ademais, coa finalidade de preservar a calidade sonora ambiental do Camiño e dos núcleos que se asentan sobre o territorio circundante, minimizaranse os niveis de emisión sonora da instalación e das súas edificacións auxiliares. Con carácter xeral, non se permitirán LAT e LMT aéreas no territorio histórico e evitanse, na medida do posible, na zona de amortecemento.

Pola súa vez na *Guía de boas prácticas para as actuacións nos camiños de Santiago* da DXPC, do ano 2016, aplicable a todas as rutas recóllense condicións semellantes considerando que *os tendidos das liñas de alta e media tensión poden orixinar importantes impactos na paisaxe afastada que se percibe dende os camiños. O cruzamento con estas liñas pode producir tamén importantes interferencias visuais dentro do ámbito máis próximo ao Camiño (ámbito do territorio histórico) estableceuse como criterio: Con carácter xeral, evítase o trazado de liñas de media e alta tensión aéreas no territorio histórico e, no seu caso, na zona de amortecemento do Camiño Francés. Evítanse os apoios expostos sobre cumes saíntes e liñas do horizonte visibles dende a traza dos camiños, así como o trazado lineal paralelo a eles. Se nalgún punto é inevitable o cruzamento co camiño, as liñas irán soterradas polo menos dentro do ámbito do territorio histórico e procurarase que non afecten de xeito significativo a conca visual do Camiño de Santiago. Ademais, coa finalidade de preservar a calidade sonora ambiental do Camiño e dos núcleos que se asentan sobre o territorio circundante, minimizaranse os niveis de emisión sonora da instalación e das súas edificacións auxiliares. No trazado das liñas evítanse as zonas densamente arboradas, en especial as masas de arborado autóctono. As cortas ou rozas necesarias para a execución dos corredores deforestados de protección das liñas de alta tensión realizaranse de maneira puntual e controlada. No marco do permitido pola correspondente lexislación sectorial, unha vez realizados, levaranse a cabo labores de revexetación mediante especies autóctonas de corta altura.*

Na avaliación realizada, na que se considera a traza do Camiño Portugués do ano 1998 pola estrada, non a traza hoxe catalogada pola veiga de Angueira, ao noso entender deberíase avaliar o impacto paisaxístico sobre o Camiño identificando o seu territorio histórico xa que, como sinala a Guía do ano 2016, a *protección da paisaxe vinculada aos camiños é definida pola delimitación do seu territorio histórico*⁵¹. Non consta que se analizase ese impacto para o conxunto do territorio histórico, que non se identifica, tampouco para o lugar patrimonial considerado como paisaxe cultural, nin sequera para os conxuntos patrimoniais considerados illadamente, como o núcleo tradicional de Angueira de Castro ou o Castro Lupario.

No informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio⁵² recollido na Declaración de Impacto Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, conséntase un efecto paisaxístico negativo no contorno do Castro Lupario, obviando os criterios e as medidas que se deben adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, que se deixan ao que estableza o órgano competente en materia de patrimonio cultural que, non obstante, elude esa avaliación paisaxística.



⁵¹ Na Guía de 2016 defínese o territorio histórico ao que se refire esta vinculación entre protección da paisaxe e delimitación do territorio histórico: *A protección da paisaxe vinculada aos camiños refírese á protección dos elementos conformadores do territorio e á imaxe que se percibe dende os camiños: os elementos que compoñen a paisaxe agraria coma os prados, agras e terras de cultivo, en xeral, incluídos aqueles elementos que os configuran ou delimitan, coma peches, socialcos, regos; os elementos naturais que caracterizan un territorio determinado ou que constitúen fitos identificables dende os camiños, como ríos, regatos, bosques autóctonos, formacións rochosas; as construcións históricas e tradicionais do ámbito coma as igrexas, capelas, cruceiros, núcleos tradicionais e históricos, construcións da arquitectura tradicional.*

⁵² Ao que corresponde emitir o informe de impacto e integración paisaxística dentro dos procedementos de declaración e avaliación do impacto ambiental que resultará integrado na correspondente declaración de impacto ambiental (Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia)

Á vista do esquema de trazado das liñas que discorren perpendicularmente ao Camiño e visibles no sentido cara a Compostela, constátase que un dos apoios se eleva na faldra do Castro Lupario e que o tendido das liñas se sitúa no horizonte visible dende a traza do Camiño, o que supón un grave impacto paisaxístico no territorio histórico do Camiño. Ese impacto verase agravado polas cortas ou rozas necesarias para a execución dos corredores deforestados de protección da liña de alta tensión xa que, aínda que na resolución de autorización se establecen condicións, estas limítanse ás parcelas lindantes co Camiño e á zona de 30 metros a cada lado deste e sempre que sexan compatibles coas condicións técnicas legais de protección das liñas eléctricas e contra incendios. Á vista da documentación analizada, nin se considera o territorio histórico que atravesa, nin se garante que esas condicións sexan compatibles coas normas de protección.

A localización das torres e o tendido de liñas entre Castro Lupario e a aldea de Angueira de Castro, separándoos, distorsiona gravemente a percepción da relación entre estes asentamentos, onde a aldea podería representar a herdanza do hábitat do castro, como moitas aldeas actuais situadas aos pés destes antigos poboados (Sánchez-Pardo 2010).

Se nalgún momento no procedemento se considerou o soterramento das liñas que atravesan o Camiño e o seu territorio histórico, admitiuse o tendido aéreo, segundo consta na Resolución de autorización da DXPC, pola inviabilidade por condicionantes técnicos e ambientais. Non constan, porén, eses motivos nin se se considerou algún cambio de trazado que, aínda afectando igualmente ao Camiño, permitise soterrar a liña evitando os condicionantes que o farían inviable neste trazado.


4.4. Valoración do impacto da LAT por parte da veciñanza

A identificación da veciñanza, das persoas que habitan nas inmediacións, cos elementos que conforman a paisaxe, tanto naturais como culturais, é un factor indispensable para a afirmación da súa identidade e un valor seguro para defender, conservar e protexer o patrimonio de todos.

É fundamental que as persoas se vexan reflectidas no seu patrimonio cultural, que se vexan representadas e que se lle dea importancia á súa opinión como reflexo e ponderación da súa forma de vida, neste caso rural. A identificación cos restos como froito da sociedade que os construíu e da que son partícipes as persoas da súa contorna acrecenta a autoestima na cultura propia e dos seus antepasados.

Neste senso, a oposición veciñal é unánime e manifestada en diferentes accións de apoio ao seu patrimonio e de rexeitamento da LAT:

Hace escasos días, los vecinos de Angueira nos hemos visto sorprendidos por la noticia de que están culminándose los trámites para la realización sobre el área, localizada entre Angueira de Castro y el castro Lupario, de una línea aérea de alta tensión que, a la vista de la documentación existente, afectará gravemente a este fundamental tesoro de nuestra identidad cultural. Un tendido que, sin lugar a dudas, implica la aparición de una evidente ruptura entre los diferentes ámbitos de este tesoro, al crear, en torno a la aldea, un factor de escisión con su contexto de una trascendental gravedad.



Plano 7 Localización de camiños, campos e porterías do proxecto, montado a partir dos planos 31 e 32 do Informe final de avaliación da prospección arqueolóxica realizada pola empresa ACTEO. Neste plano non se contemplan as áreas de afección de varios elementos localizados na traza da liña eléctrica

5. Conclusións

O ámbito analizado neste informe é un espazo de calidades culturais relevantes, non só polos bens patrimoniais que integra, que constitúen en si mesmos conxuntos de valor cultural como o Castro Lupario, a aldea de Angueira de Castro ou o pazo do Faramello, senón porque constitúe unha paisaxe cultural construída ao longo dos tempos que conserva moitos dos elementos desa construción histórica e na que a comunidade se identifica. Este é o ámbito polo que discorre o Camiño de Santiago, Camiño Portugués, entre Iria e Compostela e forma parte do seu territorio histórico, no que cómpre protexer, ademais dos seus valores propios, as características principais dese territorio e minimizar as afeccións ás liñas estruturais da paisaxe vinculada ao camiño: elementos lineais (peches tradicionais, sebes, arboredos etc.), sistema viario adxacente, cursos de auga, modelo parcelario e sistema de cultivos, valores medioambientais, fisiografía e relevo, infraestruturas, núcleos de poboación e patrimonio material e inmaterial. Segundo xa recolleemos máis arriba, na idea de paisaxe que manexamos dende a nosa tradición e a propia LPC/2016, estas paisaxe non son só importantes na súa condición de patrimonio cultural, senón tamén na percepción que delas tamén temos como sociedade. *Os camiños son esas rutas que levan cara a Santiago pero son tamén as imaxes vivas dun territorio antigo*⁵³.

As liñas eléctricas de alta tensión son un dos ámbitos de especial atención paisaxística definidos no Catálogo das paisaxes de Galicia e son recoñecidas como causantes de importantes impactos na paisaxe afastada que se percibe dende os Camiños de Santiago e de importantes interferencias visuais dentro do seu ámbito máis próximo. A avaliación de impacto que se realiza destas liñas debe facer especial énfase na súa integración paisaxística e, con maior intensidade se cabe, naqueles ámbitos do territorio que constitúen unha paisaxe cultural de valores recoñecidos. Consideramos que a avaliación realizada da LAT Lousame-Tibo no ámbito xeográfico afectado polo seu trazado na parroquia de Santa Mariña de Ribasar presenta grandes carencias ao non ter en conta na súa integridade os valores culturais dese territorio nin a súa salvagarda.

O trazado proxectado afecta directamente aos bens protexidos, á súa apreciación e á percepción dos seus valores culturais, deturpando o seu contorno e alterando o seu contexto histórico. Altera as relacións históricas entre eses bens e o resto dos elementos da paisaxe cultural, que ademais constitúe o territorio histórico do Camiño de Santiago, sobre o que o tendido e as torres que o sustentan terán un grande impacto visual que se verá incrementado polas inevitables cortas ou rozas necesarias para a execución dos corredores deforestados de protección da liña, que interromperán a continuidade do arboredo nas marxes do Camiño e do río Tinto. A liña atravesa un espazo intensamente patrimonializado no que o Castro Lupario, ademais de constituír un fito paisaxístico, ten un gran valor simbólico que fai que o impacto directo e visual sobre el se perciba con especial gravidade.

⁵³ Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na “Presentación” da *Guía de boas prácticas para as actuacións nos camiños de Santiago*.

Por todo o antedito, considérase que o trazado proxectado no ámbito da parroquia de Santa María de Ribasar, no concello de Rois, debería rexeitarse e que se deben estudar outras alternativas de trazado da liña de alta tensión que permitan preservar na súa integridade esta paisaxe cultural, buscando ademais alternativas de cruzamento co Camiño de Santiago que permitan o soterramento da liña no ámbito do seu territorio histórico. Como xa vimos, esta afección é crítica sobre algúns elementos analizados, como o Castro Lupario ou o Camiño de Santiago, pero sobre todo é crítica coa paisaxe cultural e a súa percepción.

6. Bibliografía

Amoedo, C. e Nieto, T. (2013): *Camiños de Santiago. 50 anos de desprotección patrimonial dun itinerario cultural*. Vigo: Nigratrea.

Ballesteros Arias, P. (2003): “La Arqueología en la gasificación de Galicia, 17: El paisaje agrario”. *CAPA (Cuadernos de Arqueoloxía e Patrimonio)*, 18. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, IIT, USC.

Ballesteros-Arias, P.; Criado-Boado, F. e Lima Oliveira, E. (2011): “Mediaeval agricultural space in Galicia: use and división of land in Marco de Portovello (Lugo, NW Iberia)”. *Archeologia Medievale*, XXXVIII: 83-99.

Ballesteros-Arias, P.; Otero-Vilariño, C. e Varela-Pousa, R. (2009): “Los Paisajes Culturales desde la arqueología: propuestas para su evaluación, caracterización y puesta en valor”. *ArqueoWeb*, 7 (2): 1-13 (<http://hdl.handle.net/10261/16059>).

Blanco-Rotea, R.; Prieto, P.; Ballesteros-Arias, P. e López González, L. (2010): “El despoblado de A Pousada: La formación de una aldea rural en La Alta Edad Media”. En M. Pilar Prieto e Felipe Criado Boado (coords.), *Reconstruyendo la historia de la comarca del Ulla-Deza (Galicia, España). Escenarios arqueológicos del pasado. TAPA (Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio)* 41. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Pp. 111-120.

Cernadas Sande, J. (2018): *A canteiría tradicional. Manuais do Museo do Pobo Galego*, 3. Santiago de Compostela.

Constela Doce, X. (coord.) (2020): *Informe sobre o valor arqueolóxico e cultural do patrimonio do lugar de Angueira de Castro, na parroquia de Santa Mariña de Ribasar, Rois (A Coruña) para o estudo de impacto da liña eléctrica de alta tensión Lousame-Tibo*. Inédito. Rois: A Citania, Arqueoloxía e Xestión do patrimonio.

Criado-Boado, F.; Parcero-Oubiña, C.; Otero Vilariño, C.; Cabrejas, E. e Rodríguez-Paz, A. (eds.) (2016): *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*. Vigo: Xerais.

Dixon, P. e Hingley, R. (2002): “Historic land-use assessment in Scotland”. En Fairclough, G.; Rippon, S. e Bull, D. (eds.), *EAC Occasional Paper, 2: Europe’s Cultural Landscape: archaeologists and the management of change*. Bélxica: Europeae Archaeological Consilium Pp. 85-88.

González Pérez, C. (2016): *Brión. Historia, economía, cultura e arte*, 3ª ed., A Coruña: Deputación.

Nárdiz Ortiz (1992): *El territorio y los caminos en Galicia. Planos históricos de la red viaria*. Santiago de Compostela: Colegio de Ingenieros de Caminos Canales y Puertos, Xunta de Galicia.

Prats, Ll. (2005): “Concepto y gestión del patrimonio local”. *Cuadernos de Antropología Social*, 21: 17-35.

Saavedra Fernández, P. (1992): “La introducción del maíz y la patata en Galicia”. En *Galicia e América: cinco siglos de historia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Pp. 202-207.

Sánchez-Pardo, J. C. (2010): “Castros y aldeas galaicorromanas: sobre la evolución y transformación del poblamiento indígena en la Galicia romana”, *Zephyrus*, LXV: 129-148 (https://gredos.usal.es/bitstream/handle/10366/100652/Castros_y_aldeas_galaicorromanas_sobre_l.pdf?sequence=1&isAllowed=y).

Solaure Blond, J. R.; Caamaño Suárez, M.; Lorenzo Aspres, A. e Louzao Martínez, X. (2014): *O hórreo: patrimonio arquitectónico*. A Coruña: Universidade.

Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago. 2016. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (http://ficheiros-web.xunta.gal/cultura/publicacions/guia_boas_practicas_actuacions_camino_santiago.pdf).

Guía para a protección do Camiño de Santiago. 2012. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (https://www.cultura.gal/sites/default/files/documents/basico/121029_guia_definitiva_proteccion_csf.pdf).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160929/AnuncioG0164-210916-0002_gl.html (data da última consulta 14/01/2021).

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2016/BOE-A-2016-5942-consolidado.pdf> (data da última consulta 14/01/2021).